

← Forza para Avanzar

← Ensino Galego

Con Dereitos →

Pola Igualdade →



8º Congreso

Santiago de Compostela
13 de novembro

imos



Forza para
Avanzar



Ensino
Galego



Con Dereitos



Pola

[REGULAMENTO DA SESIÓN DO 8º CONGRESO DA CIG-ENSINO](#) 4

[ESTATUTOS DA FEDERACIÓN DE ENSINO
DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA \(CIG-ENSINO\)](#) 6

[Capítulo I. Definición, ámbito e obxectivos](#) 6

[Capítulo II. A Afiliación](#) 6

[Capítulo III. Ámbito de Organización](#) 7

[Capítulo IV. Órganos de Goberno](#) 7

[Capítulo V. Normas Xerais de Funcionamento](#) 12

[Capítulo VI. Do Réxime Económico](#) 13

[EMENDA AOS ACTUAIS ESTATUTOS](#) 14

[RELATORIO DE ACCIÓN SINDICAL 8º CONGRESO
CIG-ENSINO RELATORIO DE ACCIÓN SINDICAL](#) 15

[1. O contexto político, educativo e normativo actual](#) 15

[2.- A defensa dun modelo educativo en clave nacional](#) 19

[3. Bases para unha Lei galega de Educación](#) 20

[4. A acción sindical](#) 23

[5. O reforzo do modelo sindical da CIG-Ensino](#) 29

[EMENDAS AO RELATORIO DE ACCIÓN SINDICAL](#) 32

REGULAMENTO DA SESIÓN DO 8º CONGRESO DA CIG-ENSINO

Orde do día

9:30 ás 10:00 Recepción de congresistas

10:00 Regulamento do congreso e votación

Apertura do congreso

Informe da Executiva Federal e votación

Informe de xestión económica

Elección da Mesa Presidencial

Estatutos

Relatorio de acción sindical

Presentación de candidaturas

12:30 ás 13:00 Votacións

13:30 Acto de clausura

Intervención das delegacións convidadas

Presentación dos candidatos e candidatas electas

Resolucións do Congreso

Intervención do secretario xeral da CIG

Clausura polo secretario ou secretaria nacional da CIG-Ensino

1. SERVIZO DE ORGANIZACIÓN

Existe un servizo de organización dependente da Mesa Presidencial, designado pola Comisión Nacional de Organización, que atenderá os aspectos técnicos, organizativos e de recuento de votos.

2. MESA PRESIDENCIAL

O Congreso estará presidido por unha Mesa Presidencial composta por 15 integrantes designados polo Consello Federal de entre quen o integran e presidida polo actual Secretario Nacional. A Mesa requirirá ser elixida por, cando menos, 2/3 dos e das congresistas presentes en primeira votación ou máis do 50% na seguinte. De entre os membros da Mesa Presidencial elixiranse dúas persoas para efectuar as funcións de secretaría de actas e outras dúas como moderadoras da sesión do Congreso.

A Mesa Presidencial actuará desde a súa constitución e até o nomeamento de novos cargos, como dirección da CIG-Ensino, encargándose de resolver calquera dúbida interpretativa sobre o regulamento.

3. MESA DE RELATORAS E RELADORES

Os relatorios oficiais serán presentados e defendidos polas persoas designadas polo Consello Federal.

4. DEBATE EN PLENO

Procedemento de debate

A Mesa Presidencial establecerá o tempo máximo dispoñíbel para as persoas que defendan os relatorios oficiais en función dos horarios prefixados. O informe de xestión e o informe económico, que serán presentados polo secretario nacional e secretaria de finanzas respectivamente, poderán ser debatidos, non emendados, nunha quenda pechada na que poderán participar abertamente todos e todas as congresistas que así o desexen. A Mesa distribuirá o tempo dispoñíbel e posteriormente serán votados.

Os relatorios oficiais serán presentados e defendidos polas persoas relatoras designadas expoñendo ademais as conclusións ás que chegaron sobre as emendas recibidas con apoio regulamentario suficiente.

De existiren relatorios alternativos, establecerase unha quenda pechada para a defensa destes, sendo a continuación sometidos a unha primeira votación global do Pleno, quedando como relatorio base o que obteña un maior número de votos.

As emendas serán defendidas polo portavoz ou portavoces designados nas asembleas respectivas. De non saíren electos congresistas, os voceiros ou voceiras das emendas poderán delegar a defensa destas en calquera outro persoa congresista, tendo que comunicar os datos dela á Comisión Nacional de Organización, a través da súa comarca de afiliación, tendo de prazo até 48 horas antes do inicio do Congreso.

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN DE ENSINO DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-ENSINO)

ACTUALIZADOS NO VII CONGRESO (17 DE XUÑO DE 2017)

CAPÍTULO I DEFINICIÓN, ÁMBITO E OBXECTIVOS

Art. 1

A Confederación Intersindical Galega do Ensino, en siglas CIG-Ensino, é a Federación do Ensino da CIG, e como tal o seu funcionamento dentro da Confederación réxese polos estatutos desta no que se refire a dereitos, deberes, altas e baixas, réxime de garantías, sancións e incompatibilidades da afiliación, salvo nos casos que se regulan nos presentes estatutos.

Art. 2

Son afiliadas á CIG-Ensino todas aquelas traballadoras e traballadores afiliados á CIG que prestan, prestaran ou orienten a súa profesión a desempeñar os seus servizos nunha empresa, pública ou privada, dedicada á actividade educativa.

Art. 3

A CIG-Ensino ten por ámbito territorial o de Galiza. Os traballadores e traballadoras que transitoriamente desempeñen o seu traballo fóra de Galiza poderán estar vinculados á CIG-Ensino sen menoscabo da súa afiliación a sindicatos no seu lugar de residencia temporal.

Art. 4

A CIG-Ensino exprésase en idioma galego e defende este como o único oficial de Galiza

Art. 5

A CIG-Ensino establece a súa sede social en Santiago, rúa Miguel Ferro Caaveiro 10, 1º. O Consello

Federal poderá decidir a mudanza de domicilio social.

Art. 6

A CIG-Ensino basea a súa actuación nos principios e obxectivos fixados no seu Programa, nos Acordos adoptados nos seus Congresos e nas Resolucións dos órganos de Goberno regulados nos presentes Estatutos.

Art. 7

A CIG-Ensino, ademais da defensa dos dereitos laborais e profesionais dos traballadores e traballadoras de todos os sectores, ten por obxectivo, entre outros, mellorar as condicións de traballo dos traballadores e traballadoras do ensino, a calidade en xeral do sistema educativo e contribuír especialmente na Formación do Profesorado

CAPÍTULO II A AFILIACIÓN

Art. 8

Poderán afiliarse á CIG-Ensino todas as persoas dos ámbitos definidos no capítulo I destes Estatutos.

Art. 9

A afiliación é individual e voluntaria, co único requisito de aceptación dos presentes Estatutos e dos da Confederación, sen que poda ser limitada por razóns de idade, sexo, nacionalidade, ideoloxía, relixión ou filiación política.

Art. 10

Son dereitos da afiliación:

- a) Elixir e ser elixidas ou elixidos para calquera cargo de CIG-Ensino ou da Confederación.
- b) Participar no deseño da política sindical da CIG-Ensino a través dos debates nos organismos correspondentes, con total liberdade de opinión e respecto ás súas ideas.
- c) Utilizar todos os servizos e prestacións de que dispoñan a CIG-Ensino e a Confederación, recibindo o asesoramento que precise de tipo sindical, técnico ou xurídico, nos termos que regulamentariamente se establezan.

- d) Ter acceso aos locais sociais, á documentación e ás publicacións da CIG-Ensino e da Confederación, así como recibir información sobre a problemática do ensino en xeral e do seu sector en particular.
- e) Recibir axuda e asesoramento en caso de represión pola súa pertenza á CIG-Ensino ou polo exercicio de súa actividade sindical.

Art. 11

Son deberes da afiliación:

- a) Abonar a cota establecida pola Confederación.
- b) Respetar os Estatutos, Regulamento e Programas de CIG-Ensino e da Confederación.
- c) Respetar os acordos validamente adoptados polos organismos da CIG-Ensino e da Confederación.
- d) Participar na medida das súas posibilidades, nas actividades de CIG-Ensino.

CAPÍTULO III ÁMBITO DE ORGANIZACIÓN

Art. 12

Territorialmente a CIG-Ensino organízase en estruturas comarcais e locais seguindo criterios de afinidade xeográfica e de operatividade sindical.

Art. 13

A Unión Comarcal está formada polo conxunto da afiliación da CIG-Ensino nunha comarca. A estes efectos considéranse comarcas as seguintes: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Art. 14

A Unión Local está formada polo conxunto da afiliación da CIG-Ensino na localidade.

1. Na actualidade as Unións Locais constituídas son as seguintes: A Mariña, Baixo Miño, Morrazo, Salnés e Verín.

2. A CIG-Ensino poderase constituír en novas localidades sempre que estas o consideren conveniente, reúnan unha afiliación superior a 100, e así o aprobe o Consello Federal, previo acordo nos Órganos de Dirección da Comarca respectiva.
3. Así mesmo e por decisión do Consello Federal poderán constituírse as novas localidades que por criterio sindical se precise aínda que non reúnan as condicións anteditas.

Art. 15

1. No ámbito funcional, a estrutura organizativa básica da CIG-Ensino son as seccións sindicais. As seccións sindicais están integradas polo conxunto dos afiliados e afiliadas do Centro de ensino no ámbito do ensino público, ou da empresa no ámbito do ensino privado.
2. Son competencias da sección sindical as seguintes:
 - a) Nomear a persoa responsábel ou delegada de centro
 - b) Dar respostas aos problemas suscitados no Centro.
 - c) Potenciar a xestión democrática dos centros.
 - d) Trasladar ao Centro as propostas e iniciativas da CIG.
 - e) Manter informados aos organismos comarcais ou locais correspondentes da problemática do Centro.
 - f) Aprobar, cando o seu ámbito o permita, as candidaturas para as eleccións sindicais.

CAPÍTULO IV ÓRGANOS DE GOBERNO

Art. 16

1. Son Órganos Nacionais de goberno da CIG-Ensino:

- a) O Congreso

- b) O Consello Federal
- c) O Secretariado Federal
- d) A Executiva Federal

2. Son Órganos Territoriais de goberno da CIG-Ensino:

- a) Asemblea comarcal
- b) A Executiva comarcal
- c) A Asemblea Local
- d) A Executiva Local

ÁMBITO NACIONAL

Art. 17

O Congreso é o órgano soberano da CIG-Ensino e os seus acordos, validamente adoptados, son de obrigado cumprimento para o conxunto da afiliación e estruturas da CIG-Ensino. Estará composto por un número total de delegados e delegadas a determinar polo Consello Federal na convocatoria, cos seguintes criterios:

1. Son membros natos os compoñentes do Consello Federal.
2. O resto da representación será elixida por comarca seguindo criterios de proporcionalidade en función da afiliación respectiva

Art. 18

1. O Congreso Ordinario da CIG-Ensino será convocado polo Consello Federal unha vez cada catro anos. A convocatoria farase con catro meses de antelación como mínimo.
2. O Consello Federal aprobará un Regulamento precongresual, elaborará unha proposta de regulamento para as sesións do Congreso e designará as Comisións encargadas da redacción de ponencias.

Art. 19

Son competencias do Congreso Ordinario:

- a) Aprobar ou reformar os Estatutos e Programa da CIG-Ensino.
- b) Definir as orientacións básicas e política sindical.
- c) Elixir as doce persoas que conforman a Executiva Federal e, entre elas, a persoa proposta para a Secretaría Nacional.
- d) Analizar a xestión dos órganos de goberno nacionais.
- e) Aprobar a xestión económica e liquidación de contas.
- f) Coñecer e decidir todas aquelas cuestións que os Estatutos expresamente lle atribúan e aquelas outras que se lle sometan respectando os Estatutos.

Art. 20

O Congreso Extraordinario será convocado a petición de 1/3 da afiliación ou de 2/3 dos membros do Consello Federal da CIG-Ensino. O prazo entre a solicitude e a celebración do Congreso Extraordinario non poderá exceder de catro meses. A convocatoria realizarase por escrito cunha antelación mínima de dous meses. O Congreso Extraordinario só poderá tratar e pronunciarse sobre os asuntos obxecto da convocatoria.

Art. 21

O período congresual e as sesións do Congreso axustaranse ao regulamento aprobado polo Consello Federal que deberá ser ratificado polo propio Congreso como primeiro punto da orde do día. Das sesións do Congreso levantarase Acta e os seus acordos serán públicos para o coñecemento de toda a afiliación.

Art. 22

O Consello Federal é o órgano máximo de dirección da CIG-Ensino entre Congresos. Está formado por:

1. Secretariado Federal
2. O resto, até completar os 50, serán elixidos polas Asembleas Comarcais das distintas comarcas nas que se estrutura a CIG-Ensino nun reparto proporcional á afiliación de cada comarca.

Art. 23

O Consello Federal reunirase ordinariamente unha vez ao inicio de cada trimestre durante o curso escolar. Extraordinariamente cando o solicite 1/3 do seus membros ou por decisión da Executiva Federal. O Consello Federal será convocado con 15 días de antelación.

Art. 24

Son competencias do Consello Federal:

- a) Aprobar o seu regulamento de funcionamento.
- b) Convocar o Congreso e aprobar o regulamento precongresual, elaborar o Regulamento das sesións congresuais e cantas propostas, informes ou ponencias estime oportuno someter á aprobación do Congreso.
- c) Definir as liñas xerais de acción sindical do conxunto da Federación.
- d) Aprobar a Carta Financeira que establece as normas de administración e contabilidade para o conxunto da federación e aprobar o presuposto ordinario ou extraordinario facendo un seguimento da súa execución.
- e) Analizar a xestión da Executiva e do Secretariado Federal.
- f) En caso de resultar vacante, decidir, por maioría de 2/3 o xeito de substitución do Secretario Nacional até a realización do seguinte congreso.
- g) Analizar a adecuación da acción sindical ao programa aprobado no Congreso.
- h) Decidir sobre a firma de convenios ou acordos da Federación con outras organizacións ou administracións.
- i) Designar as persoas que representen á Federación nos órganos nacionais da Confederación.
- j) Designar as persoas que representen á CIG-Ensino nos organismos institucionais de ámbito galego, estatal e internacional.

- k) Aprobar a constitución de novas Unións Locais.
- l) Calquera outra competencia expresamente atribuída ao Consello Federal nos presentes Estatutos.
- m) Definir e ratificar a distribución de responsabilidades na Executiva Federal.
- n) Ratificar os criterios e a distribución do persoal liberado.

Art. 25

O Secretariado Federal é un organismo de coordinación entre os distintos ámbitos de funcionamento da federación co fin de dotar a esta no seu conxunto dunha maior operatividade sindical. Reunirase ordinariamente unha vez cada dous meses, por convocatoria do Secretario ou Secretaria Nacional, ou cando o solicite 1/3 dos seus membros. Está composto por:

1. Executiva Federal
2. Secretarios ou Secretarías Comarcais e Locais
3. Un representante dos diferentes sectores nos que se pode clasificar a federación, cando as comisións respectivas os nomeen, segundo o establecido no art. 32.2

Art. 26

Son competencias do Secretariado Federal

- a) Aprobar e organizar as actividades e iniciativas sindicais de carácter global.
- b) Coñecer a marcha dos procesos de negociación e dos conflitos de maior transcendencia e coordinar a actividade sindical da Federación e das Unións Comarcais
- c) Designar os representantes da CIG-Ensino na Comisión da Área Pública da CIG e ratificar o regulamento desta.
- d) Xestionar os recursos humanos e materiais da Federación, aprobando os criterios e distribución das liberacións.

Art. 27

A Executiva Federal é o órgano colexiado de xestión ordinaria e goberno da CIG-Ensino entre xuntanzas do Consello Federal. Estará constituída por doce persoas elixidas en Congreso entre as que se encontra o Secretario ou Secretaria Nacional da Federación

Art. 28

A Executiva Federal reunirse ordinariamente unha vez ao mes, por convocatoria do Secretario ou Secretaria Nacional, ou cando o solicite 1/3 dos seus membros.

Art. 29

Os membros da executiva asumirán as funcións e responsabilidades que garantan o funcionamento da Federación e sexan definidas e ratificadas polo Consello Federal.

Art. 30

1. A Executiva Federal exercerá mancomunadamente a representación xurídica, económica e legal da CIG-Ensino, podendo delegar conxuntamente na Secretaria ou Secretaria Nacional estas facultades aos únicos efectos de outorgamento de poderes.
2. Son ademais competencias da Executiva Federal:
 - a) Aprobar o seu regulamento de funcionamento.
 - b) Representar á Federación a todos os efectos entre xuntanzas do Consello Federal.
 - c) Relacións Internacionais
 - d) Coordinación das publicacións e a propaganda de ámbito nacional e as relacións cos medios de comunicación.
 - e) Coordinación dos servizos xurídicos
 - f) Impulsar a organización da Federación a todos os niveis.
 - g) Dirixir os procesos de negociación nos distintos ámbitos e os conflitos de maior transcendencia.
 - h) Presentar informe da súa xestión ao Congreso.

- i) Decidir a creación de comisións para o estudo de temas específicos.
- j) Decidir sobre cuestións urxentes entre reunións do Consello Federal.
- k) Executar e facer o seguimento da acción sindical.
- l) Xestionar as finanzas da Federación.
- m) Calquera outra que lle sexa expresamente delegada polo Consello Federal.

Art. 31

1. O Secretario ou Secretaria Nacional exerce a máxima representación pública da CIG-Ensino e asina conxuntamente coa Secretaria ou Secretario de Finanzas da Federación as contas nacionais. Asume a representación institucional nos ámbitos de actuación da Federación, e preside os órganos nacionais da Federación.

Art. 32

1. En cada un dos tres ámbitos sindicais nos que se pode clasificar a federación: ensino público non universitario, ensino universitario e ensino privado, poderanse crear comisións de sector, ben por iniciativa de 1/3 dos afiliados/as dese ámbito, 1/3 dos delegados/as ou por acordo do Consello Federal.
2. As comisións de sector estarán, no posíbel, integradas por un membro de cada comarca e localidade, pertencente a ese ámbito, até un máximo de doce persoas. A comisión nomeará un coordinador que formará parte do Secretariado Federal.
3. É función das comisións de sector, analizar a problemática sindical propia e propoñer alternativas aos órganos de dirección do sindicato.

ÁMBITO COMARCAL**Art. 33**

A Asemblea Comarcal é o órgano máximo da CIG-Ensino en cada Unión Comarcal. Está constituída por toda a afiliación da Federación na Comarca.

Art. 34

Será convocada pola Executiva Comarcal cando o estime oportuno ou cando o solicite 1/3 da afiliación. Deberá ser convocada con unha semana de antelación como mínimo.

Art. 35

Son funcións da Asemblea Comarcal:

- a) Elixir o Secretario ou Secretaria Comarcal, os restantes membros da Executiva Comarcal e os correspondentes membros do Consello Federal.
- b) Analizar a xestión da Executiva Comarcal.
- c) Elixir as persoas representantes de CIG-Ensino na Dirección Comarcal da Confederación.
- d) Debater e resolver aquelas cuestións que afecten ao conxunto da Federación no seu ámbito.
- e) Elixir os delegados/as para o Congreso da CIG-Ensino.

Art. 36

A Executiva Comarcal é o órgano de dirección de comarca entre asembleas. Está composto por un mínimo de 7 membros e un máximo de 11, segundo acordo do Consello Federal. Entre os membros da Executiva estarán o Secretario ou Secretaria Comarcal e os Secretarios ou Secretarías Locais, se os houber.

Será membro do organismo, con voz e sen voto, o persoal liberado que non resultara elixido pola Asemblea.

Art. 37

A Executiva Comarcal reunirse normalmente cada trimestre e preceptivamente antes de cada Asemblea Comarcal. Será convocado polo Secretario ou Secretaria Comarcal ou a petición de 1/3 dos membros que o forman.

Art. 38

Son competencias da Executiva Comarcal:

- a) Convocar asembleas comarcais.

- b) Administrar e dirixir a Federación na comarca cumprindo as resolucións da Asemblea Comarcal e os acordos dos órganos nacionais.
- c) Propoñer ao Consello Federal a constitución de Unións Locais.
- d) Elaborar os orzamentos e partes de finanzas comarcais.
- e) Presentar informe da súa xestión á Asemblea Comarcal.

ÁMBITO LOCAL**Art. 39**

A Asemblea Local é o órgano máximo da CIG-Ensino en cada Unión Local. Está constituída por toda a afiliación da Federación na localidade.

Art. 40

Será convocada pola Executiva Local ou por convocatoria do Secretario ou Secretaria Local cando o estime oportuno ou extraordinariamente cando o solicite 1/3 da afiliación. Deberá ser convocada con unha semana de antelación como mínimo.

Art. 41

Son funcións da Asemblea local:

- a) Elixir a Secretaria ou Secretario Local e os demais membros da Executiva Local
- b) Analizar a xestión da Executiva Local.
- c) Debater e resolver aquelas cuestións que afecten ó conxunto da Federación no seu ámbito.

Art. 42

1. A Executiva Local é o órgano de dirección da localidade entre asembleas. Está composto por un mínimo de 4 membros e un máximo de 7, segundo acordo do Consello Federal. Entre os membros da Executiva estará o Secretario ou Secretaria Local.

2. Será membro do organismo, con voz e sen voto, o persoal liberado que non resultara elixido pola asemblea.

Art. 43

A Executiva Local reunirse ordinariamente cada trimestre e preceptivamente antes de cada Asemblea Local. Será convocado polo Secretario ou Secretaria Local, ou a petición de 1/3 dos membros que o forman.

Art. 44

Son competencias da Executiva local:

- a) Convocar a asemblea local.
- b) Administrar e dirixir a Federación na localidade, cumprindo as resolucións da Asemblea Comarcal, local e os acordos dos órganos nacionais.
- c) Impulsar o funcionamento da Federación no seu ámbito e coordinar as súas actividades.
- d) Elaborar os orzamentos e partes de finanzas locais.
- e) Presentar informe da súa xestión á Asemblea local.

CAPITULO V NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Art. 45

1. Todos os cargos da CIG-Ensino proveranse mediante votación secreta e persoal. En casos determinados poderá admitirse a votación a manalzada cando así o estime unha maioría de 2/3 dos membros asistentes do órgano elector, se ben ese acordo será ineficaz cando calquera dos membros reclame o exercicio do dereito á votación secreta.
2. Todos os cargos da CIG-Ensino serán revogábeis polo órgano que os elixiu segundo a súa propia periodicidade e funcionamento.
3. A Executiva Federal elixida no Congreso, aprobará un Regulamento que permita iniciar o proceso de renovación de cargos e organismos nun período non superior a tres meses. Transitoriamente os organismos estarán integrados polos membros actuais, sendo estes substituídos de forma progresiva a medida que se vaia completando o proceso de renovación.

Art. 46

1. Na CIG-Ensino a elección de órganos e cargos farase mediante a presentación de candidaturas en listas pechadas, que deberán conter ao menos o número de persoas de que se compón o organismo a elixir, incrementado nun terzo para casos de suplencia, e que deberán ser presentadas cun prazo mínimo de corenta e oito horas antes do inicio das sesións de elección. É responsabilidade do máximo órgano ou cargo executivo existente, no ámbito en que se produce a elección, presentación dunha candidatura.
2. Poderán presentarse outras candidaturas, co mesmo requisito de composición, cando vaian avaladas cando menos por un número de membros do órgano elector igual ao 150% do número de postos que cubrir. No caso das candidaturas á Executiva Federal a primeira persoa da lista será a candidata á Secretaría Nacional.
3. A composición dos órganos da CIG-Ensino, determinarase proclamando os membros da única lista presentada, ou ben, no caso de existir varias, adscribindo ao órgano os membros de cada lista, seguindo un sistema de distribución proporcional directo ao número de votos obtidos.

Art. 47

Os acordos de calquera órgano da CIG-Ensino, validamente constituído, adoptaranse por maioría simple dos asistentes, salvo disposición estatutaria que especifique outra maioría cualificada.

Art. 48

1. As xuntanzas de calquera órgano da CIG-Ensino consideraranse validamente constituídas cando asistan en primeira convocatoria a metade mais un dos seus membros, ou en segunda convocatoria un terzo dos mesmos, sempre que fose convocada na debida forma e cunha antelación mínima de 48 horas. Entre a primeira e segunda convocatoria mediará un prazo non menor de media hora.
2. As Asembleas consideraranse constituídas en segunda convocatoria coas persoas asistentes, sempre que fosen convocadas coa antelación fixada nos presentes Estatutos.

CAPÍTULO VI DO RÉXIME ECONÓMICO

Art. 49

Os recursos económicos da CIG-Ensino están constituídos por :

- a) As cotizacións da afiliación.
- b) As doazóns e legados en favor da Federación.
- c) As subvencións que lle sexan concedidas á Federación ou as asociacións que dela dependan.
- d) Os derivados da aplicación do Regulamento Financeiro da Confederación.
- e) Calquera outro obtido por actividades lícitas de acordo cos presentes Estatutos.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira

O Consello Federal poderá aprobar a edición dun voceiro oficial así como as características do mesmo. Así mesmo poderá aprobar a edición de calquera tipo de publicación, en calquera tipo de soporte, separada ou conxuntamente coa Confederación.

Segunda

A aprobación e modificacións dos presentes Estatutos é competencia exclusiva do Congreso da CIG-Ensino e requirirá unha maioría absoluta en votación global.

Terceira

Os aspectos non contemplados nos presentes Estatutos regúlanse polo disposto nos Estatutos da Confederación.

Cuarta

A CIG-Ensino poderase desconfederar da CIG, disolverse, fusionarse ou integrarse noutra organización sindical por acordo adoptado en Congreso Extraordinario da Federación, convocado ao efecto, por maioría de dous terzos dos presentes.

Quinta

En caso de disolución, os bens económicos, mobles e inmobles serán doados á CIG, e caso de non existir esta, ao que o Congreso acorde.

Faise constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións aprobadas no VII Congreso da CIG-Ensino que tivo lugar en Santiago de Compostela o 17 de xuño de 2017.

EMENDA AOS ACTUAIS ESTATUTOS

Artigo 14.1. Eliminar a Unión Local do Baixo Miño na federación do Ensino.

O artigo quedaría:

Artigo 14.1. Na actualidade as Unións Locais constituídas son as seguintes: A Mariña, Morrazo, Salnés e Verín.

1 RELATORIO DE 2 ACCIÓN SINDICAL 3 4 8º CONGRESO 5 CIG-ENSINO 6 7 RELATORIO DE 8 ACCIÓN SINDICAL 9

10 1. O contexto político, educativo 11 e normativo actual

12 1.1 Un sistema educativo 13 baixo control

14 Un dos elementos que caracterizan os sistemas
15 educativos desenvolvidos no mundo capitalista
16 é o de seren un obxecto cobizado polo poder
17 e os grandes intereses transnacionais que por
18 detrás moven os fíos para apuntalar un control
19 férreo do que se pretende que sexa un proceso
20 educativo tutelado, con control dos seus fins, dos
21 seus medios, dos instrumentos que precisa e das
22 estruturas das que se dota. Fronte a un modelo de
23 sistema educativo que descansa en criterios como
24 a equidade social, a liberdade ou a democracia,
25 o capitalismo sempre buscou que a transmisión
26 de contidos, e sobre todo de valores, non escape
27 ao deseño dunha sociedade caracterizada pola
28 concentración do poder e a riqueza en menos mans
29 e pola liquidación de dereitos sociais ou laborais
30 que, na actual fase neoliberal, se tornou máis clara e
31 descarnada que nunca.

32 No mundo actual, no seo dunha profunda
33 globalización e de políticas xerais e educativas que
34 parten de principios neoliberais, os procesos de
35 privatización do ensino público son un dos principais
36 sinais de identidade de control do sistema educativo.
37 Ao igual que acontece coas políticas dirixidas a vixiar
38 as pensións públicas ou a sanidade e a protección
39 social, as grandes corporacións vinculadas ao
40 mundo da educación ou inseridas en grupos de
41 maiores dimensións, van da man de institucións sen
42 vixilancia democrática que marcan e deseñan o que
43 os gobernos aproban como marcos lexislativos e
44 estruturais dos seus sistemas educativos.

1 Os servizos públicos son o obxectivo do capital para
2 aumentar a caixa de beneficios e para manter ou
3 ampliar unha fenda social e cultural que fortalece
4 a pervivencia dun modelo político e económico
5 depredador.

6 No ámbito educativo destaca o papel que se lle
7 ten adxudicado á OCDE, institución claramente
8 economicista á que se lle deu a capacidade para
9 deseñar as directrices que deben seguir os sistemas
10 educativos no camiño da plena aplicación do
11 neoliberalismo. E para iso empregan sobre todo
12 sistemas de avaliación estandarizada entre o que
13 destaca PISA, sistemas que actúan como teóricos
14 homoxeneizadores mais sen ter en conta as
15 características socioeconómicas e culturais que son
16 condicionantes fundamentais do proceso educativo.

17 Neste sentido, as políticas privatizadoras e de
18 control político actúan por varias vías. Desde
19 fóra dos centros educativos reducen o papel do
20 ensino público co desvío de fondos para o ensino
21 privado, mediante subvencións e concertos
22 educativos. A blindaxe desde os anos oitenta da
23 denominada «dobre rede» ou o sistema español
24 baseado na concertación con fondos públicos de
25 centros privados, reforzada permanentemente
26 nas décadas seguintes polos diferentes gobernos
27 españois, consolidou España no podio europeo de
28 privatización da educación obrigatoria, só por detrás
29 do Reino Unido.

30 Ao tempo que se limita a expansión da rede
31 pública, búscase tamén o control competencial e
32 curricular. Os efectos da LOMCE foron neste sentido
33 un claro indicativo de como, sen desmontar a
34 estrutura creada por leis educativas anteriores, se
35 pode incrementar a presión do poder político nun
36 Estado, o español, con conflitos territoriais e fortes
37 identidades nacionais que o españolismo busca
38 someter e domar, recentralizando competencias
39 e lexislando desde postulados unionistas e
40 irrespectuosos coa pluralidade nacional, lingüística
41 e cultural, co obxectivo de facer inviábel o
42 desenvolvemento da capacidade de autogoberno,
43 tamén no plano educativo, de países como Galiza. O
44 feito de que o goberno galego en mans do Partido
45 Popular sexa cómplice desa estratexia e non busque
46 reforzar os medios de que dispón para defender
47 un mínimo marco de referencia para un modelo

1 educativo de seu para o país é outro dos grandes
2 problemas que afrontamos.

3 A estratexia de privatización non fica de portas afora
4 e introdúcese nos centros educativos públicos,
5 con modelos de xestión de empresa privada, co
6 baleirado de contidos e de poder dos órganos
7 colexiados pedagóxicos e de participación social. O
8 fomento da burocracia, a meritocracia e dun sistema
9 de selección de direccións pedagóxicas que eluda a
10 responsabilidade colectiva dos claustros é outro dos
11 elementos empregados. Mais sen dúbida o control
12 curricular e pedagóxico xoga neste proceso un papel
13 central. Así o fai coa implantación de mecanismos
14 de «control suave» como as probas externas -ben
15 sexan as PISA ou as avaliacións de diagnóstico- ou
16 «forte» como as xa anuladas reválidas impostas polo
17 PP, mais tamén cun marco curricular inabarcábel
18 que, na práctica, ten como obxectivo que nos
19 centros educativos non se traballe cun currículo
20 pensado para a formación integral do alumnado.
21 Nunha sociedade que subsiste en función de que
22 se manteña a desigualdade, está claro que, desde a
23 perspectiva do poder, o currículo non pode ser un
24 instrumento para formar persoas que exerzan os
25 seus dereitos crítica, democrática e activamente.

26 Acompañando eses currículos elefantíacos
27 vén tamén a xerarquización curricular, apoiada
28 precisamente por toda unha batería de probas
29 externas e de políticas educativas que estigmatizan
30 determinadas materias e áreas de coñecemento,
31 colocan outras como as únicas relevantes, sempre
32 en función dos intereses e necesidades dun sistema
33 produtivo que acaba por inserir no profesorado,
34 no alumando, na sociedade en xeral, unha idea
35 contraria á que defendemos cando apostamos por
36 unha escola democrática e de instrución integral,
37 pensada para atender e formar as persoas, para
38 eliminar as barreiras sociais, culturais ou lingüísticas.

39 Manter o sistema educativo baixo control implica
40 debilitar as estruturas democráticas e horizontais do
41 profesorado e reducir a participación do alumnado,
42 das familias e a sociedade en xeral. Limitar o papel
43 do profesorado como colectivo, primar a figura do
44 líder pedagóxico,

45 ben en cargos de xestión ou ben no seu labor
46 individual, restrinxir espazos e tempos para a
47 coordinación, o diálogo, a colaboración e o traballo

1 conxunto son as armas coas que nos están a
2 controlar. Impedir, pola vía lexislativa ou pola vía
3 dos feitos, que nos centros educativos se poida
4 contar cos recursos necesarios, que non se poida ter
5 vixilancia sobre o material e o deseño curricular, que
6 non se teña liberdade para decidir sobre a educación
7 que queremos é un exemplo máis do control ao
8 que hoxe está sometido o sistema educativo. Un
9 profesorado desprestixiado, convertido nun elo máis
10 dunha cadea de produción, que vai da súa casa á
11 súa aula, que non participa na toma de decisións,
12 que non ten tempo para pensar e repensar a escola
13 que quere vai camiño de ser un individuo alienado,
14 como o sistema quere. Loitar contra iso, da man
15 dos nosos dereitos laborais, é unha tarefa inxente
16 que debe estar presente no quefacer de todo o
17 profesorado que queira ser un servidor público
18 e daquelas organizacións sindicais que, como a
19 CIG-Ensino, queren superar o sistema actual e
20 fortalecer a educación como un dos elementos desa
21 transformación.

22 **1.2. O continuísmo dentro** 23 **dos límites do marco** 24 **normativo español**

25 Se por algo se caracteriza o Estado español
26 acondicionado pola Constitución do 78 é por estar
27 construído sobre uns alicerces de centralización e
28 contención, cando non negación, da diversidade
29 cultural, lingüística e nacional das nacións que a
30 día de hoxe formamos parte del. As marxes deses
31 límites só se viron forzadas e ampliadas en función
32 da fortaleza das estruturas políticas e sociais de cada
33 país no marco estatal e do mapa político que se dá
34 en cada lexislatura desde o comezo da transición
35 pactada. Isto foi e segue a ser unha constante ao
36 longo destas décadas, tamén no que ten a ver coas
37 políticas educativas e co marco lexislativo.

38 O sistema educativo español está deseñado por leis
39 orgánicas que impiden o desenvolvemento dun
40 sistema propio inserido na nosa propia realidade
41 cultural, social e nacional; limita as competencias no
42 restrinxido marco estatutario e blinda unha estrutura
43 montada sobre a privatización, a confesionalidade,
44 a españolización e a centralización curricular e
45 lexislativa. Con maior ou menor énfase, as diferentes
46 leis mantiveron inalterábel este marco. O papel
47 especialmente reaccionario e ultra liberal da LOMCE
48 evidenciou como se podían estirar as costuras da

1 intervención desa idea dunha España negadora
2 das diferentes realidades mais tamén axudou
3 como coartada a aparentar que o que había con
4 anterioridade ou a nova reforma que se plasmou coa
5 LOMLOE supoñía un cambio de rumbo.

6 Así foi vendido por quen promoveron a reforma
7 lexislativa desde o Goberno e así foi usado polos
8 sectores máis reaccionarios, políticos e empresariais,
9 para facerlle fronte a uns cambios, nalgúns casos
10 positivos, mais que fican lonxe dos cambios que
11 se precisan. Como mellor exemplo desta situación
12 temos a campaña da dereita polo concepto do
13 castelán como lingua vehicular, nun camiño
14 xa encetado en Galiza polos mesmos sectores
15 españolistas no ano 2009 coa invención da
16 «imposición» do galego. Nun Estado no que temos
17 a obriga de coñecer o castelán mais só o dereito
18 de usarmos e coñecermos o noso propio idioma, o
19 Estado propicia unha clara situación de inferioridade
20 legal do galego.

21 Pois ben, malia todo o ruído xerado polas
22 modificacións da LOMLOE, non podemos máis que
23 afirmar que non se observan cambios esenciais
24 que permitan ver un fortalecemento do ensino
25 público, unha maior garantía da diversidade
26 lingüística e cultural ou unha firme aposta pola
27 laicidade e a democracia como valores fundamentais
28 da educación. Cometeríamos un erro se non
29 soubésemos ver e recoñecer as melloras relativas
30 que se producen coa derogación da LOMCE e á
31 volta, con matices, á LOE inicial, mais ese erro sería
32 aínda maior se non mantemos a visión crítica sobre a
33 realidade dun marco legal que non é capaz de forzar
34 un avance real nos valores que desde a CIG-Ensino
35 entendemos que deben ser centrais no actual
36 marco político: recoñecemento da capacidade de
37 autogoberno cunha lei estatal de mínimos como
38 referencia, galeguización do ensino, laicidade,
39 coeducación, integración e co ensino público como
40 única rede sostida con fondos públicos, fixando o
41 carácter subsidiario do réxime de concertos como
42 vía transitoria.

43 A nova modificación lexislativa do actual goberno
44 español de coalición non tocou o papel do
45 concertos educativos, mesmo mantendo a súa
46 duración mínima e limitouse a declarar, como
47 xa figuraba na LOE, a non segregación por sexo
48 como condición para optar ao concerto. Un paso

1 necesario mais insuficiente, cando nin sequera se
2 lexisla para evitar concertos en etapas educativas
3 non obrigatorias. A lei non buscou romper coas
4 limitacións fixadas no concordato co Vaticano, un
5 acordo preconstitucional que manterá a ensinanza
6 da relixión confesional nas nosas aulas, se ben agora
7 sen valor académico. O retorno a un papel central
8 dos órganos de goberno (claustros e consellos
9 escolares) dáse na nova lei mais tamén dun xeito
10 insuficiente, xa que se introduce un novo elemento
11 de control por parte da Inspección, ao figurar nas
12 súas funcións por vez primeira a avaliación da
13 función directiva.

14 Na LOMLOE apúntanse liñas que poden ser
15 compartidas (potenciación do medio rural, reforzo
16 da formación, maior atención ao alumnado con
17 necesidades especiais..) mais só aparecen como
18 meras declaracións de intencións, sen concreción
19 nin soporte orzamentario e sen incorporar unha
20 das medidas que a propia Lei podería fixar e para
21 a que existía unha demanda social importante:
22 establecer unha ratios máximas inferiores ás actuais.
23 No canto de adoptar esta decisión, que suporía un
24 cambio transcendental, a LOMLOE limitáase a indicar
25 a conveniencia de que as ratios se reduzan cando se
26 escolarice alumnado con necesidades de apoio.

27 Que o resultado de mobilizacións sociais tan
28 importantes como as que vivimos coa imposición da
29 LOMCE teña como resultado unha volta ao cadro de
30 saída, eliminando as reválidas mais mantendo unhas
31 avaliacións de diagnóstico que seguen a xerarquizar
32 e condicionar o currículo ou que manteñen unha
33 ESO en dúas fases, cun último curso dirixido a
34 diferenciar o alumnado ou cunha condicións de cara
35 a impartición de materias vinculadas á suficiencia
36 do número de docentes, fai tamén concluír que os
37 cambios son máis aparentes que reais.

38 Desde a perspectiva laboral e do recoñecemento
39 do papel central do profesorado, o marco no que
40 nos moveremos nos próximos anos oscila entre as
41 incertezas e os efectos provocados por medidas
42 introducidas na fase de debate parlamentario da
43 nova lei, sen negociación sindical previa, a ausencia
44 de melloras para o profesorado en xeral e o interino
45 en particular e as incógnitas a medio prazo co que
46 poida dar de si un futuro Estatuto Docente.

1 A decisión de extinguir o corpo de PTFP, coa
2 integración deste no corpo de PES, se ben podería
3 ser un primeiro paso cara a consecución dun corpo
4 único docente historicamente demandado polo
5 sindicalismo nacionalista galego, abre un conflito
6 dentro do colectivo afectado coa relegación
7 dunha parte del en función non do traballo que
8 realizan e da responsabilidade que teñen senón da
9 titulación académica. Ao tempo que se discrimina
10 a unha parte do colectivo envíase unha mensaxe
11 negativa da Formación Profesional ao ditaminar que,
12 facendo o mesmo labor nos centros e contando coa
13 experiencia necesaria, unha titulación de FP non
14 pode ser recoñecida para a integración no corpo
15 de PES. A futura negociación sobre as condicións
16 de integración do extinguido corpo de PTFP, tanto
17 de quen ten titulación universitaria como de que
18 non, xunto cos efectos que vaia provocar a aposta
19 dos diferentes gobernos pola extensión da FP
20 Dual, marcarán sen dúbida o futuro da propia FP e
21 especialmente do seu profesorado.

22 A decisión de incluír aspectos relacionados coa
23 posíbel remoción do posto de traballo por falta de
24 rendemento é outro exemplo de como se emprega
25 indebidamente unha lei orgánica para incluír temas
26 estritamente laborais carentes de negociación
27 sindical previa e recorrendo ao réxime disciplinario
28 e sancionador como única solución a un problema
29 que debe ser abordado desde moitas vertentes,
30 entre elas especialmente a da saúde laboral.

31 Resulta paradigmático que se introduzan cambios
32 tan relevantes como os anteriores cando se negan
33 a introducir medidas que a CIG-Ensino formulou e
34 que si suporían melloras para o profesorado. Así, non
35 se reforza o papel das equipas docentes cun novo
36 marco de condicións de traballo que conduzan a un
37 horario lectivo máis reducido, non se menciona a
38 necesidade de regular as enfermidades profesionais
39 ou as condicións de xubilación nin se establece
40 un sistema extraordinario de ingreso na función
41 docente por vía diferenciada para prazas estruturais
42 e de reposición de efectivos para dar saída ás altas
43 taxas de temporalidade e ao abuso desta posto en
44 cuestión pola xustiza europea.

45 **1.3. O contexto galego**

46 Dentro da estratexia reaccionaria ditada pola
47 dereita española contra a LOMLOE, pensada como

1 elemento de afirmación ideolóxica dos sectores
2 máis conservadores da sociedade para que sirva
3 de sustento e argumentario co que facer fronte aos
4 mínimos cambios da lei e como guía de actuación
5 para as CC.AA. gobernadas polo PP, a Xunta seguiu
6 fielmente os primeiros pasos marcados desde
7 Madrid, cunha declaración de intencións de Feijóo
8 (reducir ao máximo a aplicación da LOMLOE) e
9 cunha primeira medida máis formal que efectiva:
10 adianto dos prazos de matrícula nos centros
11 adscritos para o seguinte curso escolar. A mensaxe
12 foi clara: discurso único desde Madrid (o castelán
13 corre perigo, o ensino concertado está en risco, hai
14 que desmontar a LOMLOE co boletín oficial de cada
15 comunidade autónoma por medio, ...) e seguidismo
16 fiel e adaptado ao novo marco político galego desde
17 San Caetano.

18 Logo de máis dunha década sen que Galiza reciba
19 ningunha competencia (no ámbito educativo hai
20 que botar a vista atrás ao 2007 coa transferencia dos
21 centros do ISM), cun PP galego entregado primeiro á
22 LOMCE, ao desmantelamento da xa escasa presenza
23 do noso idioma nas aulas ou a permitir os concertos
24 nos centros católicos segregadores, e tras a nova
25 vitoria no 2020 de Feijóo nas urnas, todo leva a
26 pensar que a ausencia dunha auténtica política
27 educativa galega seguirá sendo a marca diferencial
28 dun goberno que prefere xestionar o que se dita
29 desde Madrid antes de tomar a iniciativa e asumir e
30 ampliar as competencias que ten.

31 O desprezo ao profesorado, evidenciado coa
32 negativa a mellorar as súas condicións laborais,
33 desatendendo as propostas formuladas pola CIG-
34 Ensino nestes últimos anos, foi unha constante
35 e nada indica que poida cambiar, nun escenario
36 no que o golpe dunha nova crise económica e
37 social encabalgada sobre os efectos da anterior
38 crise será empregada polo goberno galego como
39 argumentario para evitar afrontar os cambios
40 necesarios na rede educativa pública e no seu
41 profesorado en particular.

42 Non debemos descoidar a necesidade de articular
43 unha nova fronte que abrimos xunto con outras
44 organizacións do ámbito educativo para superar
45 a actual política lingüística contra o galego e de
46 desgaleguización do sistema educativo. Os traballos
47 feitos por diferentes organizacións do ámbito
48 escolar que conduciron ao acordo de bases para

1 a normalización lingüística no ensino deben ser
2 postos en valor e ampliar os seus apoios sociais,
3 no camiño de vencer unha política de abandono
4 á súa sorte da nosa lingua en todos os ámbitos e
5 no sistema educativo en particular. O deterioro
6 causado tras máis dunha década de aplicación do
7 decreto de plurilingüismo non é irreversible mais
8 o mantemento das políticas do PP co nosa lingua
9 torna cada día máis complicada a tarefa de recuperar
10 espazos para o galego e romper unha tendencia de
11 desconexión e afastamento do alumnado co idioma
12 do país, con máis dunha cuarta parte que saen da
13 escolarización obrigatoria afirmando non saber falar
14 galego.

15 O sucursalismo da dereita galega, dentro dun
16 endurecemento das posicións máis ultra liberais
17 e reaccionarias promovidas na competición das
18 tres dereitas españolas, pode empurrar á Xunta a
19 posicións aínda máis extremas na negación da nosa
20 capacidade como pobo de nos gobernar e dotar de
21 plena capacidade á hora de definir o futuro da nosa
22 educación, tamén como reacción ao novo escenario
23 político a nivel estatal e, sobre todo, galego.

24 O modelo educativo do PP, baseado na privatización
25 e mercantilización do proceso do ensino ten na
26 entrega aos intereses da banca privada un dos
27 mellores exemplos coa tramitación da lei que vai
28 permitir a creación da primeira universidade privada
29 en Galiza, das mans de quen se quedou co aforro das
30 galegas e galegos no medio do desmantelamento
31 das caixas de aforro apoiado pola propia Xunta
32 do PP. O programa para estender a FP Dual vai
33 tamén no camiño de minorar o peso da rede
34 pública, reducindo profesorado de FP e poñendo
35 directamente nas mans das empresas a formación
36 profesional ao tempo que se seguen a limitar a
37 oferta de ciclos na rede pública e se financian
38 centros privados nunha etapa non obrigatoria.

39 Dotármonos de capacidade legal para reverter esta
40 deriva privatizadora e desgaleguizadora é unha
41 necesidade para, cun maior poder de decisión
42 política acompañado de resolucións asentadas no
43 diálogo e na negociación, poderemos contar cunha
44 ordenación educativa de noso, cos máximos niveis
45 de calidade posíbeis e fundamentada na equidade
46 social e na capacidade para gobernarmos o noso
47 futuro, tamén na educación.

1 **2.- A defensa dun modelo 2 educativo en clave nacional**

3 **2.1.- A capacidade para decidir 4 e deseñar a educación que 5 Galiza precisa**

6 Galiza necesita dun modelo educativo que poña en
7 valor a nosa identidade como pobo. Que recupere
8 para a sociedade o coñecemento da historia e da
9 cultura propias e a utilización con orgullo da Lingua.
10 Un modelo baseado no desenvolvemento integral
11 das persoas que sirva de base para a transformación
12 política e social. Un sistema educativo de noso,
13 galeguizador, democrático e sustentado na nosa
14 historia, cultura e forma de vida. Mais iso só pode
15 acadarse coa ruptura do marco lexislativo actual.
16 Durante anos o conxunto das Leis de educación
17 españolas compartiron, en maior ou menor medida,
18 unha idea, a da uniformización do Estado como
19 parte do aparato ideolóxico do sistema da clase
20 dominante, intentando borrar o noso pasado e
21 perpetuando sen matices a condición de nación
22 subordinada aos intereses alleos.

23 Precisamos, por tanto, unha Galiza soberana e
24 con capacidade real de autogoberno, cun sistema
25 financeiro público e galego, pois só dese xeito Galiza
26 poderá dedicar todos os recursos económicos
27 necesarios para o deseño, ordenación e planificación
28 do seu sistema educativo sen dependencia do
29 estado español. Un modelo que necesariamente
30 estará asentado sobre a base da equidade e da
31 igualdade de oportunidades, un modelo que terá
32 de ser cento por cento público, laico, democrático,
33 inclusivo e coeducativo. En definitiva, un sistema
34 educativo ao servizo da transformación social e do
35 benestar das galegas e dos galegos.

36 Atopámonos diante dunha sociedade actual
37 individualista, consumista e globalizada;
38 homoxeneizada no pensamento polas mensaxes
39 que envía a clase dominante a través dos medios de
40 comunicación; apática ante o retroceso de dereitos
41 e liberdades, dirixida a mobilizarse unicamente a
42 través das redes sociais propiedade das grandes
43 corporacións; unha sociedade que vive de costas ao
44 medio natural e camiña cara a súa destrución. Neste
45 contexto só cabe pensar nun modelo educativo con
46 capacidade de xerar pensamento crítico e reflexivo.
47 Un modelo revolucionario en clave galega que sexa

1 quen de reverter esta situación e axudar a construír,
2 desde Galiza, un mundo máis xusto e igualitario.

3 **2.2.- Os marcadores dun modelo** 4 **educativo de futuro para o país**

5 Os Estados capitalistas son plenamente conscientes
6 da potencia e capacidades que ten o sistema
7 educativo como ferramenta de hexemonía para
8 o sometemento de clase e que aproveitan para
9 transmisión da súa ideoloxía en termos amplos
10 impartindo un sistema de valores e crenzas
11 determinados pola clase dominante. O Estado
12 Español é historicamente un claro exemplo da
13 inclusión da escola dentro dos aparatos ideolóxicos
14 do Estado e do sistema con continuos intentos
15 de transmisión, con maior ou menor forza, do seu
16 pensamento, feito este explícito moi abertamente
17 nos últimos anos dos gobernos conservadores, coa
18 súa idea de «españolizar» ao alumnado das nacións
19 sen estado.

20 Fronte a isto Galiza conta cunha ferramenta como é
21 o sindicalismo soberanista, elemento chave de cara
22 á construción dunha sociedade mellor, acorde coa
23 realidade nacional do noso país e que no ámbito
24 educativo ten unha clara expresión e incidencia e
25 cuns principios asentados nun discurso e nunha
26 práctica transformadora. Unha perspectiva sindical
27 que tamén debe ter no centro dos seus obxectivos
28 a creación de suxeitos activos ante a aprendizaxe
29 cun modelo de ensinanza que poña no centro a
30 erradicación da homofobia e do racismo formando
31 persoas na coeducación, na corresponsabilidade, no
32 valor da multiculturalidade e na educación afectivo-
33 sexual como alicerces para unha sociedade libre e
34 avanzada.

35 O ensino público é o único que pode garantir a
36 equidade e a igualdade de oportunidades entre
37 as persoas; non cabe outra que decantarse por un
38 sistema exclusivamente público, integrando todos
39 os centros nunha única rede publica co fin de
40 acadar unha sociedade máis xusta, máis solidaria
41 e igualitaria co fin de rematar coa perversa lóxica
42 clasista de segregar, enfrontar e dividir.

43 Dentro do proceso da aprendizaxe como
44 desenvolvemento vital, o ensino público debe ir
45 enfocado á construción dun futuro que supere
46 a dialéctica das normas do sistema neoliberal.

1 Promoverá, por tanto, o pensamento crítico-reflexivo,
2 conxuntamente coa formación ética e social como
3 garantes de éxito na construción doutra sociedade.
4 Proporcionará ao alumnado as ferramentas para que
5 se sinta suxeito activo dentro da aula, deseñando
6 esta como espazo de debate e crecemento.

7 Isto tamén fai imprescindible que o feito relixioso,
8 como crenza e práctica, desapareza do currículo
9 escolar. A defensa dun ensino laico esixe a
10 devolución das relixións unicamente ao ámbito
11 persoal e ao seu xusto lugar no currículo académico
12 como fenómeno histórico e cultural no ámbito das
13 Ciencias Sociais.

14 De igual xeito, precisamos un sistema educativo
15 pensado en base nacional, fundamentado na nosa
16 realidade social, cultural, económica e lingüística,
17 capaz de corrixir a españolización levada a cabo
18 historicamente no noso País, fuxindo das receitas
19 elaboradas en Madrid e baseadas nos preceptos do
20 neoliberalismo mais salvaxe, con currículos artellados
21 polo capital, onde prima mais a suposta excelencia
22 e a competitividade que o desenvolvemento en
23 condicións de igualdade e non diferenciación das
24 persoas. Mais para isto é necesario, dende as propias
25 institucións, o deseño dunha política educativa
26 galega, libre de prexuízos que impiden a medra
27 da conciencia nacional como pobo. É preciso pois,
28 un ensino deseñado dende nós e pensado para
29 nós, afastado dos modelos educativos actuais do
30 estado español identificados coa persecución e fobia
31 constantes ao noso idioma e á nosa cultura.

32 A soberanía tamén é necesaria para construír un
33 sistema educativo que non dea as costas á nosa
34 cultura e á nosa historia, facilitando o coñecemento
35 e divulgación dos feitos históricos, políticos, sociais
36 e culturais determinantes na nosa existencia como
37 pobo durante séculos.

38 **3. Bases para unha Lei galega** 39 **de Educación**

40 No curso 2014 promovemos unha proposición de
41 lei, por iniciativa legislativa popular, de medidas
42 para restituír os dereitos laborais, profesionais e
43 retributivos do profesorado e mellorar a calidade
44 do ensino, que tiña entre outros obxectivos a
45 elaboración dunha Lei de Educación de Galiza.
46 No ano 2018, estes dereitos foron novamente

1 reclamados por máis dun terzo do profesorado do
2 ensino público galego mediante unha campaña
3 levada a cabo polo sindicato e seguirán formando
4 parte da nosa liña de traballo. Neste senso,
5 insistiremos na necesidade de crear unha Lei Galega
6 de Educación que contemple:

7 O fomento dun sistema educativo galego, de acordo
8 coa nosa realidade social, cultural, económica e
9 lingüística que asegurará o dereito universal de
10 todos os galegos e galegas a unha educación
11 pública de calidade de 0 a 18 anos. Un ensino
12 público, galego, gratuito, laico, coeducativo e
13 democrático, cunha oferta de prazas suficientes en
14 todos os niveis educativos nos centros públicos,
15 que contará coa dotación de recursos materiais e
16 humanos e de profesorado dabondo en todas as
17 especialidades, así como doutros perfís profesionais
18 necesarios para asegurar a máxima calidade
19 educativa posíbel.

20 Modificación da lexislación básica, coa fin de facilitar
21 un ensino laico, no cal a difusión da fe relixiosa e a
22 materia de relixión non forme parte do currículo
23 escolar. Un ensino coeducativo e non sexista que
24 eduque para a igualdade, a solidariedade e a xustiza
25 social, e que transmita os valores da paz e da defensa
26 do medio ambiente.

27 **Un ensino público de calidade** 28 **como garante da igualdade de** 29 **oportunidades que teña en conta** 30 **aspectos fundamentais como:**

31 • A redución das ratios actuais de alumnado por
32 aula, fixando como ratio máxima no primeiro ciclo
33 de educación infantil 6 alumnos/as na idade de 0 a
34 1 anos, 10 alumnos/as na idade de 1 ano e de 12 na
35 idade de 2 anos. En primaria e no segundo ciclo de
36 educación infantil o máximo de alumnado por aula
37 será de 15. Na educación secundaria obrigatoria,
38 bacharelato, formación profesional e ensinanza de
39 réxime especial, a ratio máxima establececerase en
40 20. Todas estas ratios veranse reducidas naqueles
41 grupos que escolaricen alumnado con necesidade
42 específica de apoio educativo e o alumnado
43 repetidor terase en conta para a conformación dos
44 grupos.

1 • Oferta suficiente de prazas públicas de educación
2 infantil de 0-3 anos para satisfacer a demanda
3 existente.

4 • Atención á diversidade, apoio e reforzo educativo,
5 garantindo a inclusión de todo o alumnado en
6 todas as etapas, dotando aos centros cos servizos
7 materiais e humanos necesarios e con suficiente
8 profesorado de orientación e apoio.

9 • Rede de orientación educativa acorde co
10 mapa de centros actual, que teña en conta as
11 particularidades do rural e estabilidade máxima de
12 alumnado a atender, que supoña incremento de
13 especialistas de orientación, así como máximo de
14 centros a compartir.

15 • Garantía da escolarización no medio rural. Con esa
16 finalidade, elaborarse un mapa escolar do ámbito
17 rural que garanta a escolarización das crianzas na
18 súa contorna, o mantemento das escolas unitarias
19 e uns cadros de persoal específicos, así como
20 transporte e comedor para o alumnado que o
21 necesite.

22 • Elaboración dun plan de actuación preferente
23 destinado a combater o fracaso escolar e o
24 abandono na escolarización temperá, reforzando a
25 titoría e a orientación e apostando por un modelo
26 educativo máis social e igualitario.

27 • Gratuidade dos libros de texto e do material
28 didáctico que se empregue nas aulas para todo o
29 alumnado de educación infantil, primaria e ESO.

30 • Xestión democrática dos centros, mediante a
31 elección democrática e directa das direccións dos
32 centros, promovendo o traballo en equipo e a
33 decisión colexiada nos órganos de goberno.

34 • Oferta ampla e variada en todos os centros
35 públicos de actividades extraescolares gratuítas
36 que serán impartidas por persoal específico e
37 cualificado, dependente da propia administración.
38 A administración garantirá o transporte público
39 para a realización destas actividades.

40 • Elaboración dunha lei do transporte escolar de
41 Galiza para garantir este dereito en todos os niveis
42 educativos, nomeadamente nas zonas rurais
43 que non contan con transporte público regular.

1 A organización e a regulación dos itinerarios ou
2 itinerarios multicentros non poden condicionar o
3 horario e a xornada dos centros.

4 • Unha nova planificación da formación profesional,
5 acorde coas necesidades reais do País, con
6 diversificación e garantía dunha oferta suficiente
7 na rede pública, suprimindo os concertos
8 educativos co ensino privado, para satisfacer a
9 demanda existente e atender as necesidades do
10 tecido industrial e dos sectores estratéxicos da
11 nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a
12 desenvolver as nosas potencialidades económicas.

13 • O Goberno galego instará o Goberno central a
14 derrogar a lexislación respecto ao funcionamento
15 dos centros integrados para garantir a xestión e a
16 elección democrática dos cargos directivos.

17 • Extensión da rede das escolas oficiais de idiomas
18 mediante a creación de novas escolas e ampliación
19 das existentes.

20 • Promoción da integración dos conservatorios de
21 música municipais na Consellaría de Educación.

22 • Arbitrio dos mecanismos necesarios para que
23 os centros que imparten as ensinanzas artísticas
24 superiores poidan adscribirse á universidade.

25 • Opción de aprendizaxe do Portugués en todos os
26 centros.

27 **Defendemos un sistema educativo** 28 **galego que teña na normalización** 29 **lingüística un dos seus eixes** 30 **fundamentais**

31 Os datos demostran que o ensino se converteu
32 nun dos espazos máis desgaleguizadores da nosa
33 sociedade. Desde a CIG-Ensino, xunto con outras
34 organizacións, somos promotores dunha «Proposta
35 de Bases para a normalización do ensino en Galiza»,
36 presentada aos partidos políticos en xuño de 2020
37 coa fin de promover a súa aprobación no Parlamento
38 e a súa aplicación en todo o ensino a nivel galego,
39 tanto no público, como no privado e no concertado.
40 Este documento foi elaborado tendo en conta
41 algúns dos aspectos máis lesivos do actual decreto
42 de plurilingüismo, como a prohibición de impartir en
43 galego as materias científicas, a súa práctica ausencia

1 en etapas como a educación infantil, educación
2 especial e FP, a falta de materiais curriculares e
3 dixitais (como evidenciou a situación de pandemia)
4 e a situación de total inferioridade no reparto das
5 materias impartidas na nosa lingua no ensino medio
6 con respecto ás que se imparten en linguas castelá
7 e inglesa. No ámbito da normalización as propostas
8 nunha futura Lei pasarían por:

9 • Derrogación do Decreto de plurilingüismo e
10 elaboración dunha nova norma que contemple
11 o ensino totalmente en galego cos programas
12 de inmersión necesaria para conseguir a plena
13 normalización lingüística.

14 • Fixación duns currículos escolares inseridos na
15 nosa realidade nacional, con contidos propios, nos
16 que Galiza sexa materia de estudo en toda a súa
17 dimensión histórica, cultural, social e económica,
18 é dicir, que teña como principio o coñecemento
19 e a valoración de todo o que nos conforma como
20 pobo.

21 • Estabelecemento dun plan de formación para o
22 conxunto do profesorado, a fin de alcanzar a plena
23 normalización lingüística.

24 • Acreditación en lingua galega e obriga de realizar,
25 como mínimo, unha das probas en lingua galega
26 nos procesos selectivos de acceso á función
27 pública docente.

28 • Fomento da publicación de libros de texto e
29 de materiais didácticos en galego para todas as
30 materias e módulos profesionais.

31 O recoñecemento do traballo do profesorado,
32 mediante a elaboración, previa negociación coas
33 organizacións sindicais na Mesa Sectorial, dun
34 Estatuto Galego da Función Pública Docente, na
35 que a CIG-Ensino incluírá todas as demandas que
36 conforman a nosa liña de acción sindical no ámbito
37 do ensino público non universitario.

38 **4. A acción sindical**

39 A CIG-Ensino está a gañar ano tras ano
40 referencialidade, afiliación e maior número
41 de delegadas e delegados no conxunto dos
42 sectores nos que traballamos sindicalmente. Isto
43 é consecuencia dun maior traballo directo e ás

1 visitas aos centros de traballo no sector público e
2 ás empresas privadas e tamén da coherencia da
3 liña sindical de defensa dos dereitos laborais e non
4 sinatura de convenios ou acordos desfavorecedores
5 para os traballadores e traballadoras. É pois necesario
6 seguir a reforzar a nosa liña de traballo, aberto
7 e asembleario, con asesoramento, información,
8 formación necesaria e o apoio firme en todos os
9 sectores por igual desde a perspectiva global que
10 como sindicato de clase temos.

11 A CIG debe continuar ampliando a referencialidade
12 que a colocou xa non só como primeira central
13 sindical en afiliación senón tamén en número de
14 delegados e delegadas de persoal e nese traballo
15 desde a federación do Ensino tamén temos un
16 importante papel que xogar, reforzando a nosa
17 acción sindical en cada sector, mantendo a nosa
18 hexemonía no ensino público non universitario,
19 consolidando o papel na universidade e
20 aumentando a nosa representatividade no sector
21 privado, incrementando afiliación e amosando a
22 utilidade e a forza transformadora da CIG.

23 Esta debe ser a dinámica que sigamos de cara
24 ao futuro, detectando carencias, corrixindo
25 erros, mellorando prácticas de traballo sindical
26 e aumentando a formación de todos os cadros
27 sindicais.

28 **4.1. O traballo sindical** 29 **no ensino público**

30 No ámbito do ensino público a nosa actuación
31 seguirá vinculada aos dous grandes eixos que
32 conforman a nosa razón de ser como organización
33 sindical: a defensa do profesorado galego desde
34 unha perspectiva de clase e a dun ensino público
35 galego e en galego. Atendendo a esta realidade
36 temos presente que nos próximos anos ábrese a
37 posibilidade de cambios relevantes derivados do
38 desenvolvemento da LOMLOE e das actuacións
39 políticas que os gobernos español e galego poidan
40 facer ao respecto. O anuncio da elaboración dun
41 novo Estatuto docente no marco estatal foi un tema
42 recorrente dos gobernos do Estado. Agora ábrese de
43 novo esa posibilidade co compromiso expreso de
44 que no ano posterior á entrada en vigor da nova lei
45 se presente unha proposta neste sentido.

1 A CIG-Ensino defenderá que calquera normativa
2 que se pretenda implantar no marco estatal teña un
3 carácter de mínimos e só sobre aspectos vinculados
4 a cuestións básicas relacionadas co carácter estatal
5 dos corpos docentes, evitando que se impida que
6 o profesorado galego poida contar cun Estatuto
7 docente de seu, non condicionado por propostas
8 centralizadoras. Un Estatuto galego que dea resposta
9 satisfactoria ás demandas do profesorado, que
10 avance nos dereitos laborais e sindicais e que remate
11 coa inestabilidade laboral, a xerarquización e a
12 precariedade, fixando as bases dunha negociación
13 colectiva real, mellorando a representatividade
14 ao levala directamente aos colexios e institutos,
15 con eleccións sindicais por centro de traballo nas
16 mesmas condicións que no ámbito laboral ordinario.
17 Neste sentido, propostas nesa dirección feitas con
18 anterioridade polo sindicato, como a ampliación das
19 xuntas de persoal superando a limitación provincial,
20 manteñen a súa plena vixencia.

21 A demanda histórica do sindicalismo nacionalista
22 dun corpo único docente recupera novamente a
23 súa actualidade logo do cambio introducido na
24 LOMLOE ao respecto da extinción do corpo de PTFP
25 e a conseguinte integración no corpo de PES. Esta
26 decisión, tal e como aparece redactada, provoca
27 unha discriminación cunha parte do profesorado
28 técnico que terá un papel destacado na nosa acción
29 sindical nesta primeira fase de desenvolvemento da
30 LOMLOE. O obxectivo fixado polo sindicato de non
31 deixar ninguén atrás e posibilitar a integración de
32 todo o persoal docente afectado, fixo ou interino,
33 no corpo de PES, reforza a nosa posición sobre a
34 necesidade de abordar a creación dun único corpo
35 de ensinantes.

36 Calquera medida que se formule no ámbito sindical
37 debe partir do principio de non discriminación e
38 de estabilidade no emprego. Unha estabilidade
39 que non pode reducirse a un concepto global
40 e retórico senón que debe formularse desde a
41 realidade que afecta directamente ao profesorado.
42 O bloqueo político-sindical tanto a nivel estatal
43 como a nivel galego para poder articular medidas,
44 tanto no ingreso á función pública docente como
45 na estabilidade nas listas de interinidade, dificulta
46 e mesmo impide dar unha alternativa satisfactoria
47 aos altos índices de temporalidade e facilita que a
48 fraude na contratación temporal teña unha xusta
49 resposta para o colectivo afectado. O feito de que a

1 estabilidade laboral siga en risco con procesos mal
2 chamados de estabilización que non dan resposta ao
3 problema creado, que calquera oferta de emprego
4 implique a posibilidade de despedimentos de
5 profesorado interino cunha longa traxectoria laboral
6 ou que aumenten os contratos a tempo parcial,
7 son claros índices de que o sindicato debe manter
8 e mesmo reforzar a súa posición ao respecto do
9 persoal interino.

10 Outra vertente da estabilidade, non directamente
11 relacionada coa modalidade de contratación senón
12 coas condicións nas que se traballa nos centros, é
13 a que garante a continuidade nos claustros para
14 favorecer a consolidación de equipas de traballo.
15 Neste sentido, o sindicato debe manter a liña de
16 traballo que tantos logros deu nestes últimos anos
17 coa redución da provisionalidade logo de que o
18 traballo feito pola CIG-Ensino lograse rescatar case
19 2.000 prazas que pasaron a ter carácter definitivo
20 no 2019/2020 ou que se incrementasen os postos
21 relacionados coa atención á diversidade nos
22 centros de infantil e primaria. Queda mellorar eses
23 resultados, reducindo aínda máis a provisionalidade
24 e o carácter itinerante de moitos postos de
25 especialidades de Educación Especial. Non se pode
26 deixar de lado que o sistema educativo funciona
27 grazas ao compromiso e entrega do profesorado,
28 que exerce o seu traballo en aulas masificadas e
29 moitas veces con alumnado que precisa apoio
30 ou reforzo educativo e sen que se consideren as
31 necesidades específicas de apoio para configurar
32 grupos e ratios.

33 O empeoramento de determinadas condicións
34 de traballo (impartición de afíns, compartición de
35 centros, ratios elevadas, agrupamentos de diferentes
36 niveis...) foi unha constante durante a anterior
37 crise económica que a situación da pandemia non
38 fixo máis que agravar, cun incremento notábel da
39 carga de traballo derivado da teledocencia parcial
40 ou total. As carencias na coordinación didáctica,
41 motivadas por un exceso de función docente e
42 por unha redución do tempo para preparar aulas,
43 foi patente durante o tempo da pandemia. A
44 ausencia dun marco regulatorio do teletraballo no
45 ámbito educativo máis a negativa a fixalo por parte
46 da Consellaría, é tamén un dos elementos que
47 caracterizan o momento presente e que teremos
48 que abordar no inmediato.

1 É necesario un cambio na Consellaría que recoñeza
2 o traballo do profesorado e que o poña como pilar
3 básico do sistema educativo, democratizando
4 os centros educativos e liberándoo de tarefas
5 administrativas e burocráticas que non lle son
6 propias.

7 Dentro desta importancia que lle hai que dar ao
8 profesorado está a ampliación da súa formación,
9 recuperando as licenzas de estudos e a matrícula
10 gratuítas na universidade para completar a necesaria
11 formación continua. Precisamos un plan de
12 formación gratuítas e dentro do horario lectivo.
13 Un plan de formación que promova programas
14 de igualdade, de prevención de conflitos, de
15 integración e de intercambio de experiencias así
16 como o aproveitamento de materiais e recursos.

17 No deseño da nosa acción sindical ten que seguir
18 ocupando un papel fundamental a galeguización
19 do ensino, coa normalización plena do uso do noso
20 idioma en todas as etapas educativas e en todas
21 as materias e na recuperación dun profesorado
22 implicando nesta ardua tarefa. A situación non é
23 propicia: á españolización que arrastran os libros
24 de textos e os programas educativos sumouse a
25 realidade derivada da pandemia que fixo máis visíbel
26 a escaseza de material nas redes na nosa lingua,
27 provocando de novo que fose o voluntarismo e
28 profesionalidade de moitas e de moitos docentes
29 os que suplisen a desidia e abandono programado
30 da administración. A acción sindical e formativa
31 da CIG-Ensino debe incidir en incrementar un
32 profesorado que asuma como propia a loita contra
33 a desconsideración e os prexuízos que nos foron
34 inculcando, un profesorado que defenda a nosa
35 condición de galegas e galegos, un profesorado que
36 transmita o valor de pertenza a unha nación cunha
37 cultura e lingua propias.

38 O compromiso por unhas condicións dignas de
39 traballo tamén inclúe a defensa dunha retribucións
40 xustas. Desde o 2010, momento en que o goberno
41 PSOE decidiu cumprir fielmente os ditados da
42 Unión Europea e meteu unha tallada dunha media
43 do 5% dos salarios dos e das empregadas públicas
44 do Estado, até a actualidade, o profesorado galego
45 leva perdido un 9,25% de poder adquisitivo e a
46 maiores continuamos coas pagas extras recortadas.
47 Manteremos o dereito a recuperar o que nos foi
48 roubado, tanto desde Madrid como desde San

1 Caetano, cunha Xunta do PP como campioa dos
2 recortes salariais nas extras, cun profesorado
3 interino que continúa sen cobrar o verán aínda que
4 traballe máis de 5 meses e medio e co resultado
5 dun acordo salarial da vergoña que nos deixou
6 quedar exactamente como estabamos de cara á
7 equiparación co resto do profesorado do Estado,
8 cando superar esa situación foi a escusa que se
9 buscou para evitar acadar un mellor acordo non
10 só no retributivo senón tamén nas condicións de
11 traballo.

12 Dentro das melloras nas condicións laborais deben
13 ter cabida e especial relevancia as relacionadas coa
14 conciliación da vida familiar e laboral. A situación
15 actual de pandemia deixou en evidencia as nefastas
16 políticas estatais e autonómicas no que se refire
17 ao dereito das persoas a ser coidadas, chegando a
18 utilizar os centros educativos ou o teletraballo como
19 "fuxida" á responsabilidade de legislar os deberes
20 inescusábeis relacionados coa conciliación familiar.

21 Tendo en conta o anterior, a acción sindical no
22 ensino público nestes próximos anos terá presente
23 os seguintes temas:

24 • Garantía de dotación orzamentaria suficiente,
25 co obxecto de dedicar o 7% do PIB galego á
26 educación galega para facer real e efectivo o
27 dereito universal e gratuítas a unha educación
28 pública e de calidade.

29 • A garantía de negociación, no ámbito da Mesa
30 Sectorial Docente non Universitaria, de todas
31 as cuestións relacionadas coa profesión e coas
32 condicións de traballo do persoal docente. Con
33 ese obxecto, promoverase un acordo-convenio
34 para todo o profesorado galego.

35 • Mellora dos cadros de persoal dos centros que
36 imparten ensinanzas de infantil e/ou primaria e
37 o horario do profesorado destes niveis, así como
38 a negociación de cadros de persoal mínimos
39 en todos os centros de secundaria, formación
40 profesional, idiomas e réxime especial.

41 • Redución das ratios a 15 crianzas por aula en
42 infantil e primaria e 20 en secundaria e bacharelato.
43 Nestas ratios contaría o alumnado repetidor e
44 serían diminuídas cando houberse alumnado con
45 necesidades educativas de apoio específico.

1 • A recuperación dos salarios do profesorado.
2 A garantía da cláusula de revisión salarial que
3 asegure, como mínimo, a suba anual dos salarios
4 do profesorado igual ao IPC.

5 • A cobertura de todas as baixas laborais desde o
6 primeiro día que se producen.

7 • O establecemento dunha xornada laboral de
8 35 horas para todo o profesorado, das cales 30
9 horas serán de dedicación ao centro e 18 períodos
10 lectivos de 50 minutos, como máximo.

11 • Recuperación da xornada matinal reducida de
12 catro horas durante os meses de xuño e setembro
13 nos centros que imparten ensinanzas de infantil e/
14 ou de primaria.

15 • A Xunta de Galiza instará o Goberno estatal a
16 facilitar a xubilación anticipada do profesorado,
17 con independencia do seu réxime de cotización,
18 que teña 35 anos de servizo ou 60 anos de idade
19 cun mínimo de 25 anos de servizo, coa finalidade
20 de facilitar a incorporación de novo persoal ao
21 ensino, crear emprego e recoñecer o traballo
22 docente.

23 • A redución do horario lectivo para o profesorado
24 maior de 55 anos sen diminución das súas
25 retribucións.

26 • Redución do horario lectivo e posibilidade
27 de realizar actividades non docentes para o
28 profesorado que, por motivos de saúde, vexa
29 minguada a súa capacidade para a docencia ou
30 sexa precisa a adaptación do posto de traballo.

31 • Recoñecemento das enfermidades profesionais do
32 profesorado, que inclúa a elaboración dun cadro
33 de enfermidades laborais, e aplicación no ensino
34 dos dereitos contemplados na Lei de Prevención
35 de Riscos Laborais como a avaliación dos riscos
36 laborais inherentes á profesión docente.

37 • Dotación nos centros educativos de todo o
38 material de protección da saúde necesario,
39 nomeadamente, dada a situación na que nos
40 atopamos á hora de redactar estes documentos,
41 de EPIs adecuadas para a prevención dos contaxios
42 da COVID-19.

- 1 • Regulación, previa negociación, das condicións
2 laborais, pedagóxicas, técnicas e materiais para
3 a teledocencia, tanto no réxime ordinario (FP
4 ou Bacharelato a distancia) como en situacións
5 extraordinarias.
- 6 • A Consellaría de Educación facilitará e garantirá
7 o dereito á formación continua a todo o
8 profesorado. Con esta fin, previa negociación
9 coas organizacións sindicais, elaborará plans
10 anuais de formación descentralizados que
11 establezan o dereito de formarse dentro do
12 horario lectivo e laboral, que sexa gratuíta e que
13 abrangan todas as áreas do currículo e procurará a
14 renovación e innovación educativa e unha mellor
15 formación didáctica e pedagóxica. A formación
16 do profesorado será nucleada polos propios
17 centros educativos e promoverá a normalización e
18 galeguización do ensino .
- 19 • Creación de emprego, con convocatorias de
20 ofertas amplas no ensino para dar resposta ás
21 necesidades dos centros, facilitar a atención
22 á diversidade e rematar coa precariedade e
23 temporalidade do profesorado. A supresión da
24 taxa de reposición de efectivos. A administración
25 educativa ofertará, como mínimo, todas as
26 vacantes existentes e creará as necesarias para
27 unha atención educativa personalizada e de
28 calidade.
- 29 • No camiño cara lograr o obxectivo histórico da
30 CIG-EnsinO de ter eleccións sindicais por centro,
31 ampliar a 7 as xuntas de persoal docente da
32 Consellaría de Educación, coa creación de Xuntas
33 de Persoal en Ferrol, Santiago e Vigo a maiores das
34 actuais cabeceiras provinciais.
- 35 • Dereito do profesorado a facer uso do servizo
36 de comedor escolar, o cal estará atendido por
37 persoal específico non docente, dependente da
38 administración e coa cualificación correspondente.
- 39 • Dotación nos centros educativos de persoal
40 administrativo, persoal educador social e persoal
41 coidador, así como outros perfís profesionais
42 onde sexa necesario. Nomeadamente persoal
43 que atenda ao alumnado desde a chegada do
44 transporte escolar até o comezo da actividade
45 docente e desde que esta remate até a saída do
46 transporte escolar.

- 1 • Recoñecemento da figura de persoa responsábel
2 do centro naqueles sen dirección que deberá ter
3 liberación horaria para as tarefas burocráticas,
4 puntuación a efectos de traslados e incremento
5 salarial equiparado a figura de dirección.
- 6 • O profesorado non impartirá materias das cales
7 non sexa especialista, sen que isto supoña
8 diminución nas súas retribucións.
- 9 • Potenciación da función titorial con medidas
10 precisas como a redución horaria ou a formación
11 específica.
- 12 • Ofertas amplas de emprego no ensino para
13 dar resposta ás necesidades dos centros e para
14 rematar coa precariedade e temporalidade do
15 profesorado.
- 16 • Supresión das taxas de reposición.

17 **4.2. O traballo sindical no**

18 **ensino universitario**

- 19 As características propias do sector universitario
20 limitan enormemente unha actuación conxunta
21 do sindicato, a través das súas seccións sindicais,
22 en espazos que afecten ao conxunto das tres
23 universidades públicas. Fóra das negociacións
24 que deron lugar ás sinaturas dos dous convenios
25 colectivos do PDI Laboral, a Mesa Galega de
26 Universidades non se volveu reunir, malia os
27 reiterados requirimentos da CIG. A actuación
28 sindical está, polo tanto, condicionada por unha
29 realidade na que as negociacións teñen lugar no
30 seo de cada Universidade, na que a coordinación
31 da nosa representación sindical está garantida polo
32 traballo que en cada ámbito se está a facer. Porén,
33 a inexistencia na práctica deses ámbitos globais de
34 negociación no ámbito do Sistema Universitario
35 Galego dificulta que, tanto internamente como
36 sindicato como na nosa relación co conxunto
37 do profesorado galego ao que nos diriximos,
38 se articulen propostas conxuntas e unha visión
39 e actuación máis xeral. A propia dinámica
40 practicamente estanca dos ámbitos de negociación
41 (Mesa do Ministerio, Mesas Sindicais de cada
42 Universidade) non axuda neste cometido. Con
43 todo, a comunicación tornouse nun aspecto central
44 para dar a coñecer as nosas actuacións. Melloralas
45 e fortalecelas, partindo da posta en común e da

- 1 coordinación entre todas e todos os cadros sindicais,
2 foi e debe ser un dos nosos principais cometidos.
- 3 A nosa acción sindical nos próximos anos debe
4 centrarse na enorme precariedade existente no
5 mundo universitario, mellorando as nosas relacións
6 con colectivos moi activos e amosando a utilidade
7 do sindicato. Así como nos últimos anos reforzamos
8 a vía xudicial, como única alternativa para conseguir
9 o recoñecemento de dereitos que pola negociación
10 se nos pecha a todos os niveis (estatal, galego
11 e de cada universidade), se non se produce un
12 cambio nesta dinámica teremos que reforzala e
13 afinala. Recentes sentenzas gañadas polo sindicato
14 abriron expectativas para que o persoal docente e
15 investigador cunha relación temporal poidan ver
16 garantidos os seus dereitos. Mais a complexidade
17 da propia universidade, as carencias desde a
18 perspectiva dos ámbitos de negociación, fan que
19 a tarefa de vencer unha discriminación salarial e de
20 condicións de traballo de enormes dimensións sexa
21 moi dificultosa.
- 22 O camiño trazado debe continuar e mellorar e
23 debemos ser quen de trasladar as nosas iniciativas
24 ao conxunto do PDI galego, especialmente nun
25 momento no que se abren varias fronteiras moi
26 relevantes. Por un lado, a previsión de que se aprobe
27 unha modificación da LOU na que os principais
28 problemas do persoal docente das universidades
29 están ausentes: a precariedade, o envellecemento
30 do cadro de persoal e a hiper-burocratización non
31 se abordan nos textos nin se aportan medidas
32 que poidan solucionarlos. Debemos afrontar
33 os problemas que xa estamos a denunciar na
34 negociación: unha regulamentación da dobre vía
35 laboral e funcional até as máximas consecuencias,
36 unha carreira truncada pola desaparición das
37 categorías de profesorado das fases iniciais da
38 carreira académica, sen que exista unha alternativa
39 de carreira horizontal, con novas condicionantes que
40 inciden na precariedade e sen garantías dun reparto
41 equilibrado da carga docente.
- 42 Ao tempo, a creación prevista da universidade
43 privada de Abanca e respaldada pola Xunta e o PP
44 pode ter tamén incidencia no futuro da oferta da
45 rede pública e, por tanto, nos postos de traballo
46 do PDI. A situación pode agravarse se, como é de
47 agardar, engadimos o continuísmo da Xunta á hora
48 de limitar a oferta nos campus galegos. O noso

- 1 traballo deberá, por tanto, centrarse en combater as
2 posíbeis agresións que poida sufrir a universidade
3 pública galega, ben sexa por cambios lexislativos,
4 pola ausencia de interlocución coa Xunta e coas tres
5 Universidades no seu conxunto, polos efectos da
6 privatización ou pola precariedade e discriminación
7 dentro do PDI.

8 **4.3. O traballo sindical**

9 **no ensino privado**

- 10 A CIG-EnsinO tamén é unha ferramenta necesaria,
11 e con maior referencialidade cada día, na defensa
12 dos dereitos dos traballadores e traballadoras nos
13 sectores do ensino privado. Debemos enfocar o
14 noso traballo sindical de cara aos convenios do
15 ensino privado en combater, en todos os marcos
16 posíbeis de negociación -primando o galego-, as
17 consecuencias negativas e precarias que sofren
18 os traballadores e traballadoras provocadas polas
19 últimas reformas laborais, polas limitacións dunha
20 negociación colectiva de ámbito estatal, moi
21 afastada das súas problemáticas e pola actitude
22 cómplice das organizacións sindicais estatais, que
23 veñen asinando acordos que supoñen continuos
24 retrocesos nas súas condicións laborais e salariais.
25 Condicións moito máis pronunciadas agora, tanto
26 pola crise económica da que viñamos, como da
27 sanitaria e social que estamos a padecer e que vai
28 afondar noutra crise económica de máis calado, que
29 de novo apuntará á clase traballadora e ás maiorías
30 sociais.
- 31 A referencialidade e visibilidade no sector debe
32 continuar ampliándose visitando novas empresas e
33 medrando no número de persoas delegadas electas
34 e afiliación, facendo o correspondente traballo
35 para mantelas activas nos seus centros, a pesar das
36 dificultades que as patronais nos van poñer a favor
37 doutras organizacións sindicais. Debemos tamén
38 asesoralas e darlles a formación sindical suficiente
39 para que poidan defender o persoal con criterios
40 xustos e coherentes coas nosas teses e para que
41 adopten un maior compromiso e implicación activa
42 coas campañas que desenvolvemos, tanto desde a
43 propia federación como da confederación.
- 44 A CIG-EnsinO baseará a súa acción sindical no ensino
45 privado nos seguintes eixos centrais:

1 • Convenio único galego para todo o ensino privado
2 ou, cando menos, para aqueles sectores nos que
3 o financiamento depende das administracións
4 galegas.

5 • Mantemento do traballo realizado nos últimos
6 anos no que respecta á acción sindical no sector,
7 reforzando a nosa presenza e visita aos centros,
8 a través de repartos informativos e asembleas,
9 así como mellorando e facendo máis eficaz a
10 comunicación cos nosos delegados e delegadas
11 así como coa afiliación e os centros laborais.

12 • Esixir o estrito cumprimento da lexislación actual
13 en materia laboral: medidas contra a violencia de
14 xénero, Lei de igualdade, Lei de prevención de
15 riscos e saúde laboral e o respecto pola liberdade
16 sindical.

17 • Basear a acción sindical na información puntual
18 e na participación activa e directa dos colectivos
19 afectados diante de conflitos concretos ou da
20 mesma negociación colectiva, de xeito que se
21 impliquen na mesma a través das súas propostas,
22 e promover as mobilizacións oportunas cando as
23 situacións nolo demanden, non esquecendo o
24 reforzo da participación nas redes sociais, cada vez
25 máis precisas.

26 **Centros de Ensino Concertado**

27 Aínda que temos dificultades para desenvolver o
28 noso traballo sindical no ensino concertado, polos
29 impedimentos e trabas por parte das patronais e
30 direccións, dada a nosa clara postura na defensa
31 dunha única rede pública e as críticas aos concertos,
32 así como á nosa defensa inequívoca dos dereitos
33 laborais e salariais do persoal traballador, debemos
34 manter a nosa liña de traballo, que cada vez
35 comparten máis traballadores e traballadoras. A
36 finalidade ou obxectivo da nosa acción sindical
37 no sector continúa ser a súa Integración nunha
38 única rede pública, como a vía para acadar a
39 homologación real de dereitos laborais e salariais,
40 polos que tamén estamos a traballar na negociación
41 colectiva a través do seu convenio colectivo estatal
42 de aplicación. Mentres non academos ese obxectivo
43 seguiremos exixindo que non se empreguen
44 os fondos públicos que reciben das diferentes
45 administracións para despedir e vulnerar dereitos
46 ao persoal traballador, como está a acontecer, e

1 baseando a nosa acción sindical na negociación
2 inmediata dun novo acordo de mantemento
3 de emprego (o AME), na resolución de todos
4 os problemas e conflitos actuais estabelecidos
5 arredor dos salarios e outras condicións laborais
6 (a paga extra de antigüidade, a PEA, recuperación
7 do IPC perdido e dos recortes salariais, o cobro
8 de complementos por cargos e funcionais,...), nun
9 maior control, cos mecanismos adecuados, sobre
10 o diñeiro público e as xestións dos centros e as
11 súas condicións (camiñando cara a extensión do
12 pago delegado ao persoal non docente, o PAS), na
13 aplicación dos regulamentos orgánicos da pública e
14 a democratización do funcionamento dos órganos
15 pedagóxicos e de participación dos centros, así
16 como a consecución dun convenio específico
17 galego como única maneira de defender o marco
18 galego de negociación e de acadar un convenio
19 digno para o persoal traballador que recoñeza a nosa
20 pluralidade nacional, así como as competencias no
21 sector.

22 **Centros de atención á diversidade**

23 Unha das consecuencias das políticas neoliberais
24 é a continuada privatización dos servizos públicos
25 que se está a desenvolver nos últimos anos de xeito
26 programado e consciente. Vemos día a día como
27 moitos servizos con marcado carácter social pasan a
28 mans de empresas privadas ou, no mellor dos casos,
29 a entidades sen ánimo de lucro e subvencionadas,
30 pero que, ao final, acaban aplicando criterios
31 puramente empresariais para a prestación deses
32 servizos, máis centrados na rendibilidade que na
33 necesidade dunha correcta prestación, esencial
34 dentro dos servizos básicos públicos dun país. Os
35 centros de atención ás persoas con discapacidade,
36 os centros de protección e reforma de menores e
37 incluso as escolas infantís son algúns exemplos desta
38 lamentable situación. Por todo isto son necesarias
39 campañas públicas de denuncia e mobilización ante
40 as políticas de privatización que continúa a aplicar o
41 Partido Popular nos seus gobernos.

42 Dende a CIG-Ensino, como maioritarios na Galiza
43 deste sector de Servizos de Atención á Diversidade,
44 seguiremos defendendo os dereitos do persoal
45 traballador que representamos no marco estatal
46 de negociación como sempre fixemos, pero a nosa
47 prioridade será seguir intentando forzar un Marco
48 Galego de Negociación coa fin de acadar obxectivos

1 como o de abrir a negociación dun Convenio Galego
2 no sector, que recolla condicións salariais e laborais
3 dignas, exixindo ademais á administración galega
4 que asuma na súa totalidade os servizos destes
5 tipo de centros baixo a súa xestión, como centros
6 públicos a todos os efectos, e o mantemento dos
7 postos de traballo do persoal actual. O obxectivo
8 final segue a ser a creación dun Sistema Público
9 Galego de Servizos de Atención ás Persoas.

10 **Educación Infantil e** 11 **outros centros privados**

12 Tamén o resto de convenios estatais que contempla
13 este sector da privada, especialmente o de
14 Educación Infantil 0-3 polo importante número de
15 empresas e traballadoras afectadas mais tamén
16 os Centros de Menores, o Ensino non regulado, as
17 Escolas de Música, as academias de Perruquería e
18 Artes Escénicas, ou as Autoescolas,...) se caracterizan
19 polas malas condicións de traballo, a inestabilidade
20 laboral e a grande presión dunhas patronais que
21 con moita frecuencia non respectan sequera as
22 xa de por si paupérrimas condicións laborais dos
23 respectivos convenios, sempre permitidos, coa
24 sinatura cómplice, dos sindicatos estatais. Estes
25 son convenios condicionados polo seu ámbito
26 estatal, agás algúns de empresa, que limitan a
27 nosa capacidade de influencia, afastándonos do
28 marco propio nun escenario alleo á nosa realidade
29 e quedando por tanto nunha posición minoritaria,
30 mesmo en sectores nos que somos maioritarios
31 no noso país. A isto hai que engadirle as regresivas
32 reformas laborais dos últimos anos e o entreguismo
33 doutras organizacións sindicais estatais no mal
34 chamado «Diálogo Social». Por todo isto debemos
35 seguir sumando esforzos e gañando espazos na
36 representatividade sindical e social dentro de cada
37 un dos sectores, para intentarmos trasladar o ámbito
38 de negociación ao noso país, polo menos naqueles
39 sectores en que, polas súas características e por
40 sermos maioritarios, poida ser máis factíbel. Tamén
41 pelexaremos por manter os convenios de empresa
42 que temos que melloran os estatais, así como
43 propiciar a negociación doutros cando se dean as
44 condicións para facelo, con forza e decisión.

1 **5. O reforzo do modelo** 2 **sindical da CIG-Ensino**

3 **5.1. A organización do** 4 **traballo sindical**

5 A CIG-Ensino debe manter como base fundamental
6 da súa organización o asemblearismo, como
7 cerne de todo o que somos, primando a presenza
8 e a cercanía ao profesorado con asembleas nos
9 centros de traballo día a día: informando, recollendo
10 achegas, debatendo e fortalecendo un modelo
11 consolidado e que nos define e diferencia. En
12 paralelo a esta acción sindical nos centros de ensino
13 temos que seguir sumando asembleas específicas
14 nos locais da CIG para tomar as decisións acaídas a
15 cada conflito ou postura sindical.

16 De igual forma é fundamental ter persoas que sirvan
17 de enlace entre o centro de traballo e o sindicato. Un
18 enlace bidireccional, que transmita todo o que está
19 facendo a organización, pero sobre todo, e isto é o
20 máis importante, que traslade á estrutura sindical as
21 inxerencias e demandas do persoal que está nos
22 centros realizando o traballo docente día a día e que
23 nos permite coñecer os conflitos, visibilizalos e tentar
24 dar a solución máis acaída en cada momento, centro
25 e situación.

26 Manter e ampliar esa rede de colaboración é unha
27 aposta estratéxica do sindicato para salvar as
28 limitacións que impón a lexislación en materia de
29 eleccións sindicais, provinciais e non por centro
30 de traballo e a mellor garantía da nosa presenza
31 nos centros como marca da CIG-Ensino con
32 prioridade de cara a unha renovación masiva dos
33 claustros que xa comeza a ser unha clara realidade
34 e que será aínda maior nun futuro próximo coa
35 entrada de novas xeracións de compañeiros
36 e compañeiras e a xubilación da maioría do
37 profesorado que era referente tanto no ámbito
38 pedagóxico como reivindicativo. Como sindicato
39 levamos tempo prestando atención a esta nova
40 realidade pois os centros son corpos vivos que
41 se van transformando en base ás experiencias e
42 vivencias do novo profesorado; un profesorado que
43 actúa nunhas chaves novas, chaves que ademais
44 poden vir condicionadas nos vindeiros anos polas
45 consecuencias aínda descoñecidas da situación de
46 pandemia, tanto no ámbito reivindicativo como
47 das relacións laborais e sociais. Precisamos seguir

1 monitorizando a situación e actuando para que a
2 referencialidade que supón a CIG-Ensino nos centros
3 non fique só en algo pasivo. O noso principio de
4 exercer un sindicalismo práctico e activo pero sobre
5 todo de vocación transformadora precisa dunha
6 constante análise das mudanzas que se dan no
7 corpo docente, buscando unha integración activa
8 de novas incorporacións de profesorado que dean
9 continuidade ao proxecto sindical.

10 **5.2. Mobilización e xestión**

11 O reforzo do modelo sindical da CIG-Ensino
12 ten que partir da mobilización do profesorado,
13 nomeadamente da nosa afiliación. Consegur que
14 as traballadoras e traballadores vexan no sindicato
15 unha ferramenta útil de transformación da sociedade
16 galega e do ensino e non só unha solución de
17 xestión de situacións concretas.

18 Con todo, a xestión, o dar resposta acaída a
19 dúbidas ou problemas individuais e colectivos é
20 fundamental mantela e melloral, xa que non deixa
21 de ser outro dos piares do noso traballo sindical
22 e das nosas fortalezas. Todo traballo organizativo
23 para reforzar o papel do sindicato debe manter
24 a necesidade da boa xestión, precedida dunha
25 permanente formación dos cadros sindicais,
26 mais sempre como unha ferramenta de apoio ao
27 traballo de transformación social que é o obxectivo
28 fundamental do sindicato e que ten na mobilización
29 e concienciación a mellor arma de actuación.

30 **5.3 A formación sindical 31 e do profesorado**

32 Desde o noso modelo sindical temos moi presente
33 a formación do profesorado. Somos conscientes de
34 que é un pilar para a mellora do sistema educativo
35 o feito de que o profesorado estea actualizado en
36 canto a novas metodoloxías didácticas e tamén no
37 que se refire ao dominio das ferramentas telemáticas.
38 Aspecto este que se impón na actualidade debido a
39 situación sanitaria que vivimos.

40 Con todo, debemos ter presente que o enfoque
41 da formación do profesorado ofrecémolo como
42 alternativa ao da Administración. Ao contrario desta,
43 dedicámoslle especial atención a temas centrados
44 na nosa realidade histórica, lingüística e cultural.
45 Só un profesorado que coñece e respecta o medio

1 galego no que traballa será quen de espertar no
2 alumnado sentimentos parellos cara o seu País.
3 Atendemos asemade contidos transversais como o
4 respecto ao medio ambiente, a identidade sexual ou
5 o tratamento da situación das mulleres de maneira
6 que poida incidir nunha educación non sexista do
7 alumnado. Un profesorado formado e sensibilizado
8 será un axente máis do cambio que precisa a
9 nosa sociedade en relación a estes aspectos.
10 Apostamos pois por un modelo sindical no que se
11 oferta anualmente ao profesorado unha variada e
12 extensa proposta formativa tanto desde a cercanía
13 das actividades presenciais realizadas nas distintas
14 comarcas, como desde a formación a distancia
15 que se presenta como modalidade máis accesíbel
16 e como solución ás actuais restricións vividas pola
17 pandemia. Coa intención de ofrecer este servizo
18 que consideramos fundamental para o profesorado
19 melloramos e ampliamos progresivamente a nosa
20 programación anual.

21 **5.4. A lingua, o noso 22 sinal de identidade**

23 Como sindicato de clase que defende a identidade
24 nacional de Galiza a lingua é un elemento
25 fundamental da nosa acción sindical non
26 entendendo o ensino galego sen ter a nosa lingua
27 como pilar fundamental. Reclamamos e loitamos por
28 un ensino integramente en galego.

29 Trasladamos esta posición teórica á práctica
30 promovendo e participando en plataformas
31 e actividades de promoción, recuperación e
32 reivindicación do uso da nosa lingua, tanto no
33 ensino como na sociedade. Entendemos que no
34 camiño na defensa da plena normalización do
35 ensino non debemos desaproveitar ningunha
36 colaboración e que ampliar o traballo sindical a
37 prol da normalización implica buscar encontros e
38 acordos plurais como os que deron lugar ás Bases
39 para a normalización do ensino galego en 2020 e
40 que servirán de guía nos seguintes pasos a dar.

41 **5.5. Un sindicalismo con 42 perspectiva de xénero**

43 O reforzo do modelo sindical pasa pola
44 reivindicación dun modelo feminista de clase.
45 Nunha federación onde o número de traballadoras

1 é bastante superior ao de traballadores, feito que
2 se reflicte tamén na afiliación, debemos seguir na
3 liña de que as mulleres ocupemos cada vez máis
4 protagonismo na organización do sindicato e
5 teñamos unha participación activa no mesmo.

6 Como CIG-Ensino estamos presentes en todos
7 os debates e asembleas de mulleres e nas
8 diferentes campañas encamiñadas a visibilizar
9 as consecuencias de vivirmos nunha sociedade
10 patriarcal, promovidas dende a Secretaría das
11 Mulleres da Confederación.

12 O ensino é un pilar básico na construción da
13 sociedade do noso país, e como tal traballamos para
14 a mellora da formación docente, coa celebración das
15 Xornadas das Mulleres como lugar de intercambio
16 de experiencias, e tamén na presentación de
17 materiais didácticos para usar como guía no
18 tratamento da igualdade de xénero dentro das
19 aulas. Un camiño xa iniciado, e no cal seguiremos,
20 é o emprego dunha linguaxe non sexista en todas
21 as comunicacións, documentos ou materias de
22 divulgación que se elaboren.

23 Nun gremio tan feminizado coma o noso
24 debemos entender o ensino público como unha
25 ferramenta de loita contra as expresións e modelos
26 estereotipados. Desde a nosa federación asumimos
27 a responsabilidade de transmitir coas nosas accións
28 os valores dunha sociedade galega que loita
29 pola igualdade entre as persoas, a prevención da
30 violencia de xénero, a aceptación da diversidade
31 afectivo-sexual e o rexeitamento ás actitudes
32 machistas. Non esquecemos tamén a gran conquista
33 social que suporía acadar a corresponsabilidade
34 no ámbito familiar como garantía na igualdade de
35 oportunidades no mundo laboral derivadas dunha
36 verdadeira liberdade de escolla.

37 É necesario seguirmos sumando esforzos entre
38 os homes e mulleres que formamos parte da
39 CIG-Ensino para avanzarmos no camiño da
40 representatividade de todas nós en consonancia coa
41 porcentaxe de afiliación feminina.

42 **5.6. A comunicación 43 e as redes sociais**

44 A CIG-Ensino, no seu ánimo de traballar a prol do
45 ensino do noso país e coa intención de trasladar

1 as nosas posturas nos temas que consideramos de
2 importancia, tanto no ámbito educativo como no
3 sindical ou o político, ten que utilizar todas as canles
4 de comunicación posíbeis. Neste senso debemos ser
5 punta de lanza nas redes sociais e niso traballamos.

6 Vivimos nuns tempos nos que na comunicación
7 prima o uso de mensaxes inmediatas e curtas, con
8 titulares rechamantes sen espazo para a reflexión
9 sosegada. O sindicato non pode ser alleo a esta
10 realidade mais non se debe ver limitado por ela.
11 A adaptación da nosa comunicación non debe
12 vir da man dunha redución da análise necesaria
13 nin dos aspectos programáticos a desenvolver e
14 difundir, mais si debe ter en conta os formatos e as
15 estratexias comunicativas para facer chegar as nosas
16 mensaxes. Esa adaptación debe superar as eivas
17 das redes sociais, cunha comunicación que deixe
18 ver o importante do traballo sindical de centro, de
19 rúa, de mobilización; que traslade a nosa opinión,
20 que faga fincapé na importancia de visibilizar os
21 conflitos onde se evidencian e toman corpo, fóra
22 das redes sociais. Unhas redes que teñen que ser un
23 medio, non un fin en si mesmas, evitando que todo
24 o activismo do profesorado e da sociedade no seu
25 conxunto descansen nelas. Na nosa comunicación
26 deberemos reforzar, por tanto, a combinación da
27 comunicación áxil e directa, co uso de todas as
28 ferramentas e canles de comunicación existentes e
29 nas que o profesorado se poida expresar e buscar
30 información, coa difusión e promoción máis
31 detallada dos nosos principios ideolóxicos e das
32 nosas propostas concretas, buscando sempre a
33 reflexión e a interacción con todas as traballadoras e
34 traballadores a quen nos diriximos.

35 *Relatorio aprobado polo Consello Federal da CIG-*
36 *Ensino o 3 de marzo de 2021.*

EMENDAS AO RELATORIO DE ACCIÓN SINDICAL

EMENDA Nº 1 ADICIÓN Aceptada pola Comisión

Páxina 22, columna 1, liña 20

Revisión técnica, reforma, ampliación ou traslado a unha ubicación axeitada dos actuais conservatorios de música...

EMENDA Nº 2 SUBSTITUCIÓN Transaccionada pola Comisión

Páxina 22, columna 1, liña 25

Impulso e promoción da lingua portuguesa a través das seguintes accións:

Ofertar a materia de Obradoiro de Lusofonía para primaria e Lingua Estranxeira: Portugués para a ESO, bacharelato e FP, no marco da LOMLOE.

Oferta regular e continuada de vacantes de portugués nos concursos de traslados que dean resposta a necesidade actual e futura.

Incorporación de vacantes bilingües neste idioma.

Prazas para portugués suficientes nos programas de linguas estranxeiras da consellaría.

Fomento da creación de departamentos de portugués en todos aqueles centros onde exista un docente con carga horaria total ou maioritaria neste idioma.

Presenza de auxiliares de conversa en todos os centros nos que haxa esta materia.

Oferta de portugués en todas as EOI das vilas galegas e nas súas principais seccións.

Aumento da oferta formativa deste idioma para o profesorado en activo.

Proposta de Transacción

Impulso e promoción da lingua portuguesa a través das seguintes accións:

Demandar campañas da Consellaría de Educación para a promoción e extensión da oferta de portugués no ensino secundario co obxectivo de estendela a todos os centros.

Ofertar a materia de Obradoiro de Lusofonía para primaria e Lingua Estranxeira: Portugués para a ESO, bacharelato e FP, no marco da LOMLOE.

Oferta regular e continuada de vacantes de portugués nos concursos de traslados que dean resposta a necesidade actual e futura.

Prazas para portugués suficientes nos programas de linguas estranxeiras da consellaría.

Fomento da creación de departamentos de portugués en todos aqueles centros onde exista un ou unha docente con carga horaria total ou maioritaria neste idioma.

Presenza de auxiliares de conversa en todos os centros nos que haxa esta materia.

Oferta de portugués en todas as EOI das vilas galegas e nas súas principais seccións.

Aumento da oferta formativa deste idioma para o profesorado en activo.

EMENDA Nº 3 ADICIÓN Rexeitada pola Comisión

Páxina 22, columna 2, liña 2

...falta de materiais curriculares (especialmente na FP a distancia) e dixitais (como...)

EMENDA Nº 4 SUBSTITUCIÓN Aceptada pola Comisión

Páxina 24, columna 1, liña 25

Cambiar «... de especialidades de Educación Especial...» por «...postos dos especialistas de apoio».

EMENDA Nº 5 SUBSTITUCIÓN Aceptada pola Comisión

Páxina 24, columna 1, liña 29

Cambiar «...que precisa apoio ou reforzo educativo e sen que se consideren as necesidades específicas de apoio para configurar grupos e ratios» por «...con necesidades que non teñen en conta ao configurar grupos e ratios».

EMENDA Nº 6 SUBSTITUCIÓN Aceptada pola Comisión

Páxina 25, columna 1, liña 45

Cambiar «...necesidades educativas de apoio específico» por «...necesidade específica de apoio educativo».

EMENDA Nº 7 SUPRESIÓN Aceptada pola Comisión

Páxina 26, columna 2, liña 12

Eliminar os dous últimos parágrafos do apartado 4.1 por estar incluído no apartado anteriormente (páxina 24 columna 1 liña 19)

EMENDA Nº 8 ADICIÓN Transaccionada pola Comisión

Páxina 27, columna 1, liña 22

A universidade é un dos mellores lugares onde se pode prestixiar o noso idioma pola súa influencia na xuventude. O profesorado universitario debe utilizar o galego como lingua vehicular nas súas clases e pedirlle ao SUG que promova dita tarefa cunha discriminación positiva (laboral ou económica) para quen así o faga, ademais de facilitar a formación de quen o necesite. Por outra banda promoverase de que cada vez mas titulacións sexas ofertadas en galego.

Proposta de Transacción

Mudar o texto da emenda á [páxina 22, columna 2, liña 31](#) coa seguinte redacción:

A normalización lingüística no ámbito educativo debe xogar tamén un papel central na universidade, tanto no fomento do seu uso entre o estudiantado como por parte do profesorado, convertendo a nosa lingua en vehicular nas aulas universitarias, prestixiando o uso e valor do noso idioma. Neste sentido, son necesarias políticas de promoción do uso do galego por parte das universidades, con recoñecemento profesional ao profesorado, e con ampliación de titulacións ofertadas en galego.

EMENDA Nº 9 ADICIÓN
Transaccionada pola Comisión**Páxina 27, columna 1, liña 42**

A universidade debe colaborar mais co ensino obrigatorio. O número de prazas do Master de Secundaria ofertado debe adaptarse ao número de prazas convocadas nas ofertas públicas de emprego, e cunha formación acorde coas necesidades do sistema educativo galego. O profesorado que imparte a fase práctica deste Master nos centros de ensino non universitario debe ser gratificado correspondente, por exemplo coa matrícula de grao gratuíta.

Proposta de Transacción

Mudar o texto da emenda á **páxina 26, columna 1, liña 29** coa seguinte redacción:

Incremento do número de prazas do Mestrado de Profesorado ofertadas nas universidades públicas galegas, adaptando a oferta á previsión das necesidades de oposicións a medio prazo e cunha formación acorde coas necesidades do sistema educativo galego. É necesario, neste sentido, fortalecer as relacións do ensino obrigatorio co universitario, especialmente na formación inicial do futuro profesorado.

EMENDA Nº 10 SUBSTITUCIÓN
Rexeitada pola Comisión**Páxina 29, columna 1, liña 32**

Cambiar «entreguismo» por «entrega».

EMENDA Nº 11 SUPRESIÓN
Aceptada pola Comisión**Páxina 29, columna 2, liña 14**

Eliminar «a cada conflito ou postura sindical».

EMENDA 12 ADICIÓN
Transaccionada pola Comisión**Páxina 31, columna 2, liña 35**

5.7.- ACOLLIDA ÁS NOVAS XERACIÓNS DE DOCENTES

Actualmente estamos vivindo unha crise ideolóxica e un desleixo en aumento no que á loita sindical se refire. A maioría do profesorado de nova incorporación aos centros descoñece a necesidade do sindicalismo dentro do ensino.

Nos últimos anos, conscientes desta situación, estamos dirixindo esforzos a traballar co alumnado das Facultades de Ciencias da Educación das tres Universidades galegas así como co profesorado en fase de prácticas que, con ou sen experiencia, accede á función docente.

Entendemos a Universidade no seu conxunto como caldo de cultivo da necesaria conciencia social no ámbito sindical, tendo especial relevancia os futuros docentes. É un obxectivo prioritario para nós dirixirnos ao alumnado dos Graos de Educación Primaria e Infantil, dos Máster de formación do profesorado en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, FP e Ensinanzas de Idiomas así como dos alumnos e alumnas dos Cursos de Especialización Didáctica. A todas estas novas xeracións de docentes debemos darlle toda a información oportuna para que tomen conciencia da necesidade do respaldo sindical como traballadoras e traballadores do ensino intentando trasladar a utilidade do mesmo no contexto histórico actual de desprestixio por parte da administración cara unha profesión que está lonxe de ser valorada como se merece.

Outro dos colectivos que debemos ter presente é o dos funcionarios e funcionarias que se atopan cada comezo de curso en fase de prácticas, unha vez aprobada a oposición, e que ignoran, en moitas ocasións, información absolutamente necesaria en canto aos seus dereitos laborais.

Colaborar na transformación da pasividade imposta pola sociedade actual, do acomodamento facilitado pola administración, na confrontación como mecanismo para avanzar, e na revalorización do traballo dos docentes é tarefa do sindicalismo actual coas xeracións do futuro.

Proposta de Transacción

Mudar o texto da emenda á **páxina 30, columna 1, liña 10** coa seguinte redacción:

Nesta liña de especial atención á muda xeracional que se está a producir no cadro docente debemos continuar cos esforzos dirixidos a traballar co estudantado dos graos e mestrados das Facultades de CC. das Educación, futuras compañeiras e compañeiros que, xunto co profesorado recentemente incorporado ás aulas, van ser parte central no futuro do sistema educativo mais tamén da representación do profesorado e, por tanto, do sindicalismo combativo e participativo que representa a CIG-Ensino.

Acoller ás novas xeracións docentes, asegurar o pleno coñecemento do modelo sindical da CIG-Ensino, romper con dinámicas promovidas desde o poder político e económico que priman a desconexión co sindicalismo e a reivindicación social, implica contactar co futuro profesorado xa desde o momento no que se están a formar: proporcionando información, reforzando a toma de conciencia da necesidade do respaldo sindical como traballadoras e traballadores do ensino, trasladando a utilidade e necesidade do sindicalismo que encarna a CIG-Ensino e do profesorado comprometido co seu labor e coa súa condición de clase traballadora, nun contexto histórico como o actual de desprestixio por parte da Administración da función docente, lonxe de ser valorada como se merece, e de fomento do individualismo.

Este acompañamento debe continuar na fase de incorporación á docencia tanto do novo persoal interino e substituto como do funcionariado en

prácticas, como xa vimos facendo desde hai anos, conscientes do noso papel para a transformación da pasividade imposta pola sociedade actual, da acomodación facilitada pola administración, na confrontación como mecanismo para avanzar e na revalorización do traballo dos e das docentes como tarefa do sindicalismo actual coas xeracións do futuro.



Confederación Intersindical Galega

ENSINO